

Base de Brigadas Helitransportadas

O CAMPIÑO

25 ANOS DE SERVIZO PÚBLICO



XUNTA
DE GALICIA



Distrito Forestal XIX SPIF [Pontevedra](#)

AGRADECEMENTOS

En nome do actual capital humano destinado na Base do Campiño queremos agradecer o labor desempeñado polas persoas que se dedicaron e dedican á defensa contra os incendios forestais en Galicia, en especial aquelas que formaron parte das unidades helitransportadas e as que promoveron e construíron esta Base.

Tamén queremos agradecer á Xefatura Provincial do Servizo de Prevención de Incendios Forestais e á Xefatura do Distrito Forestal XIX o compromiso mostrado con este centro.

Seguiremos loitando pola defensa dos nosos bosques e pasaremos testemuña ás xeracións futuras.

Os axentes ambientais responsables da Base do Campiño

Xosé Bieito Rodríguez Carballo

Alfredo Couceiro López

*O que importa é canto amor pomos
no traballo que realizamos.*

Nai Teresa de Calcuta

Edita

Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal).
Consellería do Medio Rural
Xunta de Galicia

Asesoramento lingüístico

Antonia Vega Prieto

Maqueta

 vexote®

Imprime

Gráficas Garabal

D.L.

C 2009-2022

Ano

2022

Artigos de prensa publicados co permiso dos diferentes medios:

- La Voz de Galicia
- Diario de Pontevedra
- Faro de Vigo
- Diario de Arousa
- ABC
- Europa Press
- Revista Guardabosques
- Gaceta Wyborcza
- Polskie Radio Lublin

En todos os casos, a cesión das imaxes efectúase exclusivamente para este uso en particular, e non implica ningunha cesión dos dereitos da empresa correspondente sobre estas.

O monte ocupa un lugar importante na historia e na cultura do noso pobo. As xeracións presentes deben xestionalo, conservalo e defendelo para que os seus recursos poidan ser aproveitados tanto no presente coma no futuro.

A preocupación mundial polo medio, en xeral, e polos bosques, en particular, deu lugar á celebración de diferentes conferencias no seo das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento. En 1997, nunha sesión especial da asemblea celebrada en Nova York, revisáronse os acordos da Conferencia de Río de 1992 e aprobouse un texto que resume a preocupación de todos os países polo estado dos bosques:

“A ordenación, conservación e desenvolvemento sustentable de todo os tipos de bosques son fundamentais para o desenvolvemento económico e social, a protección do medio e os sistemas sustentadores da vida no planeta. Os bosques son parte integrante do desenvolvemento sustentable”

Tamén a nivel europeo, ao longo das últimas décadas, se sucederon unha serie de conferencias ministeriais para acadar consensos en materia de xestión sustentable dos bosques.

A sociedade galega debe preocuparse pola defensa dos seus montes, xa que desempeñan unha función primordial na conservación dos equilibrios ecolóxicos, principalmente no que respecta ao solo, á auga, á fauna e á flora, e estes son un pilar básico na nosa economía como fonte de emprego, fixación de poboación rural e despensa de materias primas.

Galicia ten no seu monte unha gran fonte de riqueza, cuxas macromagnitudes ofrecen un resultado paradoxo, case o 25 % da produción final do sector forestal de España procede do monte galego, cando os bosques galegos só representan arredor do 7 % da superficie forestal estatal.

Esta gran riqueza está sometida ano tras ano á ameaza da peor praga dos nosos montes: os incendios forestais. Galicia vén de sufrir, nas últimas décadas, moitos anos nos que o número de incendios superaba o 50 % dos ocorridos en toda España, cando a súa superficie forestal só representa o 7 % daquela.

As cifras do gran potencial do monte galego redúcense a cero naquelas superficies afectadas polos incendios, ao que hai que engadir os custos derivados dos servizos de extinción, danos e prexuízos. Estes valores negativos prólonganse nun período de tempo que depende do tipo de lumes, das condicións edáficas, topográficas e climáticas das superficies afectadas, ata que estas consigan recuperar a súa cuberta vexetal.

Aínda que nos últimos anos se reduciu considerablemente o número de incendios, non así as súas ameazas, que en momentos de extrema virulencia chegan a afectar os núcleos rurais, motivadas polo abandono das terras e o cambio climático.

A sociedade galega, cada vez máis concienciada en materia ambiental, ten dado mostras da súa preocupación polos incendios forestais. Xa no ano 1981, o memorando elaborado polo Comité de Defensa dos Montes Galegos do Ateneo de Ourense cualificou de desastre ecolóxico sen precedentes o fenómeno dos incendios forestais en Galicia.

Daquela, cómpre que os poderes públicos destinen recursos para a defensa da maior ameaza dos nosos montes, con capacidade de resposta nas diferentes áreas e fases de loita: dende a prevención, detección, extinción e investigación das causas dos incendios forestais.

O gran salto cualitativo neste eido produciuse no ano 1990 coa creación en Galicia dun servizo específico de loita contra os incendios forestais, que funciona as 24 horas dos 365 días do ano e que contribuíu decididamente á redución da superficie forestal afectada. Foi a partir desa data cando se implantaron as bases aéreas de defensa contra os incendios, destacando entre elas as unidades helitransportadas pola súa capacidade de resposta e a súa rapidez para transportar persoal altamente especializado ao lugar dos sinistros, volvéndose o seu labor máis imprescindible nas áreas máis afastadas e menos accesibles.

Ao longo deste libro podemos descubrir a infraestrutura e o funcionamento dunha destas unidades helitransportada, neste caso a da Base do Campiño, exemplo de loita contra os incendios, cuxo labor foi obxecto de recoñecemento máis alá das nosas fronteiras, premiada cun *Batefuegos de Oro* e demandada por organismos nacionais e estranxeiros para coñecer o seu sistema de traballo. Pero estes recoñecementos personificados no persoal destinado neste centro deben facerse extensibles a todo o persoal do Servizo de Prevención de Incendios

Forestais da Xunta de Galicia pola súa profesionalidade, polivalencia e tesón na defensa dos montes do seu pobo.

Hoxe en día, a Base do Campiño funciona como unha base de unidades operativas, tanto terrestres coma helitransportadas, altamente especializadas en materia de extinción, pero tamén en materia de prevención, xa que nesta faceta funciona como centro de formación e concienciación, destinado principalmente a escolares.

O funcionamento deste centro debe tomarse como referencia para acadar un novo salto cualitativo na organización do Servizo de Prevención de Incendios Forestais, que debe contar cunha rede de bases operativas dotadas de medios e de capital humano altamente especializado para atender as demandas actuais e futuras da loita contra os incendios forestais en Galicia, así coma para colaborar na mesma defensa en calquera territorio da Península Ibérica.

Manuel Rodríguez Vázquez

Director xeral de Defensa do Monte
Consellería do Medio Rural

Aínda que a loita e defensa contra os incendios forestais en Galicia ten un percorrido relativamente curto como organización específica, non máis de 30 anos, xa antes traballadores e traballadoras do patrimonio forestal, gardas forestais e enxeñeiros e enxeñeiras loitaban contra a lacra dos lumes forestais na provincia de Pontevedra.

Debemos o máximo respecto ao traballo realizado nesta loita polas xeracións anteriores, na maioría dos casos silencioso e ímprobo en canto ao esforzo humano e ás limitacións de medios. Con ferramentas manuais básicas da labranza, e excepcionalmente con apoio de pequenas carrocetas de auga, salvaban repoboacións, zonas de alto valor ecolóxico, aldeas, etc., que hoxe podemos ver e gozar. Outras veces dúas piñas e un chisqueiro eran as ferramentas básicas para afrontar un ataque ampliado, operacións que eses homes e mulleres realizaron daquela, e ao que hoxe en día lle chamamos lume táctico.

O coñecemento do monte e das súas infraestruturas, dos medios e do comportamento e manexo do lume, foron transferidos por aqueles profesionais aos actuais integrantes do Servizo de Prevención de Incendios Forestais. E ese espírito de loita e de compromiso, e ás veces de aventura, tamén forneceu o actual equipo humano da Base do Campiño.

O primeiro helicóptero da provincia estableceu a súa base no Parque de Maquinaria, despois trasladaríase á Casa Forestal de San Xoán de Poio, e de aí á actual Base de Helicópteros do Campiño, en Pontevedra. Os helicópteros convertéronse co tempo nun medio imprescindible na loita contra os incendios forestais; pero tamén quero mencionar os pilotos agroforestais polo seu valor e labor desempeñado.

Pero como valorar o impacto da Base de Helicópteros do Campiño no referente aos incendios forestais da provincia de Pontevedra?

Dende o momento da súa creación supuxo un salto cualitativo na xestión de recursos materiais e humanos, altamente especializados no combate dos incendios forestais, e como centro de referencia no sector.

Ao longo do contido deste libro descubriremos que esta unidade é moito máis que unha base aérea de defensa, porque ademais dos cotiáns labores de prevención e extinción dos incendios forestais, hai que destacar outros, como centro de referencia en materia de formación e, en especial, de educación e concienciación ambiental. Os milleiros de escolares que ano a ano visitan este centro contribúen á prevención da lacra dos incendios e a que as funcións e os labores dos colectivos forestais non sexan descoñecidos para a sociedade actual.

Hoxe, a Base de Helicópteros do Campiño merece ser distinguida como unha categoría especial de prestación de servizo público. O bo facer e o espírito de compromiso do seu persoal fan que esa unidade de combate sexa lenda na loita contra o lume, algo do que se dá conta ao longo desta obra que resume máis de 25 anos de traballo continuo.

Por todo isto, persoalmente, valoro moito o seu impacto na loita contra o lume nesta provincia pola súa alta capacidade de traballo, entrega e integración de equipo.

A historia continúa. Tendo presente o esforzo realizado polos equipos profesionais de décadas anteriores e o legado que nos deixaron, transferiremos ás xeracións futuras ese coñecemento e o espírito de loita na defensa dos nosos bosques.

Bo servizo!

Manuel Francisco Gutiérrez

Xefe provincial do Servizo de Prevención de Incendios Forestais
Dirección Xeral de Defensa do Monte
Consellería do Medio Rural
Xunta de Galicia

A intención deste libro é mostrar a bagaxe da **Base de Brigadas Helitranspotadas do Campiño** nos seus máis de 25 anos na defensa dos montes galegos fronte aos incendios forestais e como unha aposta firme dun equipo de profesionais que acadaron resultados que son referencia non só no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, senón que transcende ao resto do Estado.

O xerme da Base do Campiño que coñecemos hoxe en día xa comezara na antiga Base do Castrove, onde se iniciou a creación dos equipos de brigadas helitransportadas. A evolución do sistema de extinción de Galicia, incrementando os medios aéreos e a profesionalidade dos combatentes, deu paso á necesidade de contar con instalacións axeitadas para o desenvolvemento da actividade, tendo ademais en conta que os medios aéreos xa non eran un reforzo do verán, senón que pasaron a utilizarse todo o ano. Ante esta necesidade, construíuse a nova base no polígono industrial do Campiño e incrementáronse os medios humanos e os meses de servizo desta instalación.

E foi precisamente por estes profesionais, calquera que sexa a categoría que compón o equipo, que polo seu esforzo, pola súa busca de solucións, por querer sempre chegar á excelencia, pola súa capacidade de organización, polo seu bo facer, acadaron resultados de alto nivel na extinción dos incendios forestais e na defensa de calquera das situacións que se dan nos lumes forestais.

Como non podía ser doutro xeito, teñen o recoñecemento de todos aqueles que nos dedicamos á prevención e extinción dos incendios forestais, e sérvennos de referencia á hora de abordar novos proxectos ou na busca de novas solucións aos problemas que cada día se presentan.

Coa calidade no desempeño do seu traballo proxectan a imaxe diante da sociedade do gran dispositivo de prevención e extinción de incendios que temos en Galicia, e mostran unha visión de profesionalidade, eficacia e conexión co espazo forestal e da súa salvagarda.

Non podemos esquecer outra das apostas deste equipo, máis recente pero non menos importante, como é a comunicación social do problema dos incendios forestais. Mediante o programa de divulgación escolar, con módulos adaptados ás distintas idades, conseguíuse unha ampla participación dos centros escolares na que milleiros de nenos e nenas coñecen

de primeira man o problema dos lumes e interiorizan os conceptos necesarios para que nun futuro a súa concienciación permita a diminución deste problema.

O libro que se presenta está dividido en tres bloques: proceso produtivo, imaxes e prensa.

No primeiro abórdase a cronoloxía da creación da base de brigadas helitransportadas, a xustificación da súa necesidade, o proceso construtivo das instalacións e mesmo o proceso organizativo dos equipos. Descríbese con detalle a organización do equipo e dos traballos, especificando os protocolos tanto de preparación coma de extinción. Complétase con distintas estatísticas que dan unha idea do traballo desenvolvido.

No segundo bloque faise un repaso visual do acontecido con fotografías que reflicten a construción das instalacións, a extinción dos incendios con distintos equipos, a participación como centro de recuperación de aves na catástrofe do Prestige ou as actividades de formación e divulgación.

No último bloque móstrase a través de noticias de prensa a presenza nos medios de comunicación das actividades desenvolvidas tanto na propia instalación coma nos incendios nos que participaron.

Pódese comprobar o gran vínculo establecido coa sociedade, que recoñece neste dispositivo o grande esforzo que se fai continuamente na loita contra os incendios forestais.

Pedro López Benítez
Xefe do Distrito Forestal XIX
Consellería do Medio Rural

ÍNDICE

I. PROCESO PRODUTIVO

1.- ANTECEDENTES

2.- XUSTIFICACIÓN

3.- OBXECTIVOS

4.- DESCRICIÓN DO PROCESO PRODUTIVO

4.1.- Os recursos humanos de medios aéreos destinados na Base do Campiño

4.2.- Funcións de cada categoría profesional

4.3.- Principais actividades que se realizan

4.4.- Medios técnicos e ferramentas individuais

4.5.- Equipamento de protección individual (EPI)

5.- DESEÑO E DEFINICIÓN DAS NECESIDADES DO PROCESO PRODUTIVO

5.1.- Protocolos específicos de actuación establecidos nas fichas operativas

5.2.- Fases da mobilización e desmobilización con helicóptero

6.- PLANIFICACIÓN DA EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES DO PROCESO PRODUTIVO

6.1.- Carga de persoal segundo a época do ano

6.2.- Planificación das actividades diarias segundo o IRDI

6.3.- Resumo de actividades por individuo

7.- PREVENCIÓN DE RISCOS

- 7.1.- Principais riscos derivados da extinción
- 7.2.- Dezaioito situacións de risco
- 7.3.- Dez normas de combate nos incendios forestais

8.- ORZAMENTO

- 8.1.- Custos de persoal por categoría profesional
- 8.2.- Custos da contratación de helicóptero
- 8.3.- Custos correntes de mantemento da Base, impostos incluídos
- 8.4.- Outros custos, impostos incluídos
- 8.5.- Total gastos

9.- CONTROL DA CALIDADE DO PROCESO PRODUTIVO

- 9.1.- Estatística da extinción
- 9.2.- Rendementos en extinción
- 9.3.- Avaliación do estado físico
- 9.4.- Outros resultados avaliáveis

10.- LEXISLACIÓN E NORMATIVA RELACIONADA

11.- CONCLUSIÓNS

12.- BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA EMPREGADA

13. ANEXOS DO PROCESO PRODUTIVO

- I.- Protocolo de actuación brigada – helicóptero en extinción
- II.- Protocolo de actuación brigada – motobomba
- III.- Protocolo cuadrante de posicionamento e perímetro de actuación
- IV.- Protocolo de actuación do transporte de motobombas portátiles en helicóptero

14. PLAN DE EMERXENCIAS DA BASE

II. ÁLBUM FOTOGRÁFICO

1. CONSTRUCCIÓN DA BASE DO CAMPIÑO
2. INAUGURACIÓN
3. A BASE COMO HOSPITAL PARA AVES PETROLEADAS (PRESTIGE)
4. PREMIO "BATEFUEGOS DE ORO"
5. INTERCAMBIO PROFESIONAL CON BOMBEIROS DE POLONIA
6. AUTORIDADES POLACAS VISITAN GALICIA (O CAMPIÑO)
7. LUMES DE 2006 EN GALICIA
8. ENTREGA DA BANDEIRA DA CIDADE DE PONTEVEDRA
9. PARTICIPACIÓN NA EUROPOLYB
10. ADESTRANDO A UNIDADE MILITAR DE EMERXENCIAS (UME)
11. CONMEMORACIÓN ESPECIAL
12. CREACIÓN DO ARBORETO DA BASE
13. RECOÑECEMENTO AO TRABALLO DE INVESTIGACIÓN
14. CELEBRACIÓN DO 10 ° ANIVERSARIO DA BASE
15. PARTICIPACIÓN NA EXTINCIÓN DA VAGA DE LUMES DE PORTUGAL
16. MEDIOS DE COMUNICACIÓN. ESPECIAL CHANDEBRITO (CALLEJA)
17. SIMULACRO NA ILLA DE CORTEGADA
18. 20 ° ANIVERSARIO DA BASE DO CAMPIÑO
19. PRESENTACIÓN DE DRONS PARA TRABALLOS AÉREOS NOS LUMES

20. FINALISTAS NOS PREMIOS A PROXECTOS INNOVADORES PARA EMPREGADOS PÚBLICOS

21. PRESENTACIÓN DA OPERACIÓN “CENTINELA GALLEGO”

22. MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS

23. ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

24. VISITA DAS AUTORIDADES

25. INCENDIOS FORESTAIS E DE INTERFACE

26. ACTUACIÓNS EN CONTINXENCIAS URBANO-FORESTAIS

27. CAPITAL HUMANO. UNHA ESTRATEXIA DE GRUPO

III. ARTIGOS DE PRENSA ESCRITA SOBRE A BASE

PROCESO
PRODUCTIVO

Base O Campiño 1998-2022

Distrito Forestal XIX
SPIF Pontevedra

1. ANTECEDENTES

A Base Aérea de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais do Campiño é un centro dende o que se xestionan recursos materiais e humanos para a loita contra os incendios forestais. Hoxe en día é un elemento básico de apoio a esta loita na provincia de Pontevedra e un referente de funcionamento en todo o Estado e de maneira especial para Galicia.

Está integrada na estrutura do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (SPDCIF no sucesivo) da Xunta de Galicia, e depende administrativamente do **Distrito Forestal XIX (Caldas-O Salnés)** e operativamente do **Centro de Coordinación Provincial de Pontevedra (CCP)**.

Xeograficamente encóntrase situada na **rúa Chan de Parafita, no polígono industrial do Campiño**, concello de Pontevedra, na zona central da provincia, o que lle confire unha posición estratéxica, tanto para atender incendios en calquera punto da provincia coma para servir de punto central no que realizar actividades de formación, educación, etc.



A necesidade desta infraestrutura ten a súa orixe no gran número de incendios que se producían na provincia de Pontevedra, o aumento de medios aéreos (especialmente helicópteros), o carácter permanente do cadro de persoal do SDCIF e, polo tanto, a necesidade dunhas instalacións acordas a este volume de traballo.

A súa construción iniciouse en setembro de 1997 e foi inaugurada o 12 de agosto de 1998, aínda que xa operaron helicópteros e unidades helitransportadas dende o 1 de xullo dese mesmo ano. Agás determinadas unidades de obra, como o uso de explosivos para acondicionar o terreo, a maioría das fases da construción foron executadas por persoal propio do SPDCIF, algún deles con destino actual na propia Base, ao tempo que compaxinaban ese labor coa extinción de incendios na dura primavera dese ano 1998.

Dende a súa posta en servizo, os recursos alí destinados adquiriron unha alta profesionalización e converteron este centro nun referente na especialización de loita con medios aéreos, na formación teórico-práctica do persoal do dispositivo do SPDCIF e da aula de divulgación ambiental para escolares. Como fitos máis destacables podemos enumerar os seguintes:

- Hospital de aves petroleadas pola marea negra tras o afundimento do petroleiro Prestige. (Novembro 2002 – marzo 2003)
- **Premio “Batefuegos de Oro”** na modalidade ao mellor labor de extinción. Premio no ámbito estatal e de relevancia internacional, promovido por APAS (Asociación para a Promoción de Actividades Socioculturais), patrocinado polo Ministerio de Agricultura e entidades privadas. (Novembro de 2005).
- Intercambio profesional con bombeiros profesionais de Polonia a petición do goberno deste país. (Outono 2005 – primavera 2006).
- Dous membros con destino na Base foron galardoados co premio “Batefuegos de Oro” na modalidade mencións especiais.
- Participación no continxente de recursos para a loita contra os graves incendios ocorridos en Portugal en xuño de 2017.

A Base do Campiño é unha instalación permanente na que poden operar brigadas de terra e de helicópteros en calquera momento do ano. Trátase dunha parcela de aproximadamente 1,2 ha, que se dividiu en tres zonas a distinto nivel, sobre as que se realizan tres actividades diferenciadas.

A parte superior dispón dunha plataforma para a aterraxe dos helicópteros e queda perfectamente libre de obstáculos, o que permite a aproximación das aeronaves dende calquera orientación. Pode albergar ao mesmo tempo tres helicópteros tipo medio (Sokol, Bell 212, Bell 412 ou de similar tamaño) ou ata catro helicópteros tipo lixeiro (B3 ou similar).

No segundo nivel, próximo á pista, situáronse as oficinas, dende onde se atende a emisora e a administración de toda a instalación. No nivel máis baixo atópase a instalación para o persoal, o aparcadoiro e o campo de adestramento.

O resto da superficie, con pendentes moi pronunciadas que non permiten outro uso, está destinada, con sendeiros de interpretación, a un arboreto con máis de 300 especies de plantas arbustivas e arbóreas tanto autóctonas coma foráneas.



A continuación detállanse os aspectos máis significativos de cada unidade:

Superficie da parcela: 12.000 m².

Pista de helicópteros: 2.500 m², dos cales 900 son formigón.

Edificio de oficinas: 40 m² construídos en madeira. Dispón dun aseo e tres despachos: emisora, despacho do SDCIF e despacho da tripulación.

Edificio de persoal: construído en obra e cunha superficie de 400 m² destinados a vestiarios, salón, cociña, dous cuartos con baño para descanso das tripulacións e unha aula de formación con capacidade para 30 persoas.

Campo de adestramento: 4.000 m² de superficie en herba.

Aparcadoiro: 500 m² para estacionar vehículos oficiais e privados do persoal.

Almacéns: 60 m² de superficie distribuída en tres partes, unha para unidades helitransportadas, outra para unidades terrestres e outra para aviónica.

Zonas verdes: 4.500 m² destinados a xardíns e arboreto.

Na actualidade os recursos alí destinados son os seguintes:

- Dous funcionarios, axentes facultativos ambientais.
- Unha persoa con categoría de peón de mantemento todo ano.
- Unha brigada terrestre de oito compoñentes todo o ano.
- Un camión motobomba cun condutor todo o ano e tres condutores seis meses.
- Un camión motobomba cun condutor nove meses e tres condutores seis meses.
- Dúas brigadas helitransportadas con dezasete persoas en total durante nove meses, ás que se suman sete persoas máis durante seis meses. Vinte e catro persoas total.
- Un técnico helitransportado de seis meses.

- Unha emisorista durante nove meses e dous emisoristas máis de seis meses.
- Seis persoas entre pilotos e técnicos de mantemento da aeronave (TMA) durante seis meses.

Neste traballo só se vai describir e avaliar o proceso produtivo das brigadas helitransportadas destinadas na Base, das que se dispón de información e datos suficientes para tal fin.

2. XUSTIFICACIÓN

Nas bases aéreas do SPDCIF xestiónase capital humano altamente cualificado, que á súa vez utilizan os medios máis caros na loita contra os incendios. Isto supón o emprego de maior formación e adestramento, uns protocolos claros de actuación e un seguimento e estrito control para o cumprimento dos obxectivos.

Mediante este traballo trátase de **describir as distintas fases ou actividades do proceso produtivo das unidades helitransportadas desta base aérea, os recursos materiais e humanos para a súa posta en práctica, determinar o seu custo e avaliar os seus rendementos.**

Ao mesmo tempo, **con este traballo actualízanse os protocolos de actuación** motivados polo cambio de modelo de helicóptero que opera actualmente nesta Base, así como o establecemento de novos protocolos tras a recente dotación da Base de motobombas portátiles que poden ser transportadas por terra ou por aire para facer tendidos de mangueras, subministrados dende calquera recurso hídrico para atender determinados tipos de sinistros, en especial os que poidan acontecer no Parque Nacional das Illas Atlánticas. Pola súa situación xeográfica, esta Base é a máis próxima a calquera das illas deste espazo natural, que goza da maior protección.

3. OBXECTIVOS

Dentro deste apartado cómpre establecer cales son os obxectivos xerais e os obxectivos concretos que se pretenden con este libro.

Xerais

- Enumerar o capital humano e os recursos materiais destinados neste centro.
- Describir as diferentes actividades do proceso produtivo e revisar os diferentes protocolos de actuación.
- Determinar os custos de produción.
- Avaliar os rendementos do proceso produtivo.

Específicos

- Detallar o cadro de persoal de empregados públicos que participan no proceso produtivo.
- Determinar persoal externo á Administración, de empresas privadas, que tamén participan no proceso.

- Especificar cales son as funcións das diferentes categorías profesionais dos empregados que participan no proceso produtivo.
- Especificar os recursos materiais do que dispón o capital humano para a execución das súas funcións.
- Revisar os actuais protocolos de actuación de determinadas actividades e actualizar os que proceda.
- Procesar a estatística dos resultados do proceso realizado ata agora.
- Comparar os resultados do proceso con outros de referencia no ámbito estatal e internacional.
- Detallar os custos da posta en práctica do proceso.

4. DESCRICIÓN DO PROCESO PRODUTIVO

Na descrición do proceso produtivo da Base Aérea do Campiño preténdese detallar a carga de persoal alí destinado por períodos de ano, cales son as súas funcións segundo a categoría profesional, de que ferramentas dispoñen para realizar os procesos e cales son os principais labores ou actividades que executan.

Como xa se mencionou anteriormente, o traballo baséase nas unidades helitransportadas e non no persoal de unidades terrestres alí destinado.

4.1. OS RECURSOS HUMANOS DE MEDIOS AÉREOS DESTINADOS NA BASE DO CAMPIÑO

Empregados públicos	Categoría profesional	Grupo de pertenza	Período de actividade anual	Datas inicio e fin de actividade	Nº de persoas por sexo
Persoal funcionario	Axente facultativo ambiental	C1	12 meses	1 de xaneiro 31 de decembro	2 (Homes)
	Técnico brigada helitransportada	II	6 meses	Entre 1 de marzo e 31 de outubro	1 (Homes)
	Xefe brigada helitransportada	III	9 meses	1 de marzo 30 de novembro	2 (Homes)
	Bombeiro condutor helitransportado	V	9 meses	1 de marzo 30 de novembro	2 (Homes)
	Bombeiro helitransportado	V	9 meses	1 de marzo 30 de novembro	13 (Homes)
Persoal laboral	Bombeiro helitransportado	V	6 meses	Entre 1 de marzo e 31 de outubro	7 (2 Mulleres)
	Emisorista	V	9 meses	1 de marzo 30 de novembro	1 (Muller)
	Emisorista	V	6 meses	Entre 1 de marzo e 31 de outubro	2 (1 Muller)
	Peón mantemento	V	12	1 de xaneiro 31 de decembro	1 (Muller)

	Período de actividade anual	Meses habituais do período	Categoría profesional	Nº de persoas / días por mes na Base	
Persoal externo de empresa	6 meses	Entre 1 de marzo e 31 de outubro	Piloto	1	22
				1	8
			Copiloto	1	22
				1	8
			Técnico mantemento aeronave	1	22
				1	8

Carga de persoal por período	Empregados públicos	Persoal externo	Total persoas
Xaneiro, febreiro e decembro	3	0	3
Marzo, xuño e novembro	21	0	21
Abril, maio xullo, agosto, setembro e outubro	31	6	37

Nas anteriores táboas establécese o cadro de persoal nas distintas categorías e segundo a época do ano, e distínguese entre persoal da Administración e de empresas externas operadoras dos helicópteros.

Agás a persoa con categoría de peón de mantemento que traballa de luns a venres en horario de mañá, o resto do persoal traballa en quendas con franxas horarias, establecidas polo Centro de Coordinación Central, entre o orto e o ocaso.

Este cadro de persoal é altamente cualificado, **de 46 anos de idade media** (a persoa de maior idade ten 57 anos e a de menor idade ten 33 anos), e está composto por **cinco mulleres, os demais son homes**, e todos desenvolven a súa vida laboral nos labores de combate dos incendios forestais como actividade principal. Ao anterior súmase a alta formación deste equipo humano, a maioría con formación profesional superior e varios titulados universitarios.

4.2. FUNCÍONS DE CADA CATEGORÍA PROFESIONAL

Axente facultativo ambiental. É o persoal funcionario que exerce a xefatura da base velando para que o conxunto do equipo destinado nesta cumpra as funcións asignadas.

Como funcións específicas de funcionamento da Base podemos distinguir: establecemento das quendas do persoal, dirección e planificación das actividades que se van realizar na Base, propostas e certificación dos gastos que se realizan derivados do mantemento corrente das instalacións e dos novos investimentos, así coma o seguimento e control de todo o proceso produtivo.

Nas xornadas diarias de garda coas brigadas helitransportadas dirixen as clases teóricas e prácticas e dan as instrucións pertinentes a cada membro, deste xeito conséguense os obxectivos marcados. Teñen como especial premisa o respecto das medidas de seguridade e da normativa vixente. Constitúense en directores de extinción cando non hai outro nomeado ou axudan os demais directores de extinción a coordinar os medios, en especial os medios aéreos.

Nos períodos que non hai helicóptero tamén realizan as demais funcións propias da súa escala no Distrito Forestal XIX, ademais da supervisión e novas propostas da rede de puntos de auga para a carga de helicópteros dentro da provincia de Pontevedra.

Técnico de brigada helitransportada. No seu día de garda coas brigadas helitransportadas dirixe as clases teóricas e prácticas e dá as instrucións pertinentes aos xefes de brigada e na súa ausencia aos demais membros da brigada, deste xeito conséguense os obxectivos marcados. Ten como especial premisa o respecto das medidas de seguridade e da normativa vixente. Constitúese en director de extinción cando non hai outro nomeado ou axuda os demais directores de extinción a coordinar os medios, en especial os medios aéreos.

Xefe de brigada helitransportada. Dirixen a brigada en todas as misións. Preocúpase de ampliar os seus coñecementos en detección, prevención, extinción e investigación dos incendios forestais, así como as medidas de seguridade que requiren os ditos labores. Velan polo especial cumprimento destes así como das funcións que cada compoñente deba executar. Constitúense en directores de extinción cando actúan illadamente coa brigada, e nos demais casos son os responsables da correcta execución das tarefas que o director de extinción lles asigne.

Bombeiro forestal helitransportado. Baixo a dirección do xefe da brigada afrontan os labores de extinción, realizan o mantemento da Base e participan nas actividades de educación ambiental na propia Base ou nas visitas aos centros educativos. Deben adquirir amplos coñecementos na loita contra os incendios, dos medios que se utilizan e do manexo de todas as ferramentas. Para iso asisten a clases teóricas, fan prácticas con ferramentas, para máis tarde afrontar as misións coa máxima eficacia e seguridade, e realizan preparación física específica. Deben respectar as medidas de seguridade e cumprir as ordes do xefe de brigada.

Emisorista. Son os responsables do posto de comunicacións onde se reciben e transmiten as mensaxes. Ocúpase do libro diario de actas, onde se fan constar todas as actividades e misións, contabiliza as horas de voo e remanente de combustible. Informatiza todos os datos e encárgase do resto dos labores de oficina e arquivo.

Peón de mantemento. Realiza funcións de mantemento, limpeza e ornato do interior e do exterior das instalacións. Tamén realiza funcións de mantemento das zonas dedicadas á xardín e arboreto.

Piloto. Exerce as funcións de comandante da aeronave. É o responsable de que a máquina estea en óptimas condicións para afrontar as operacións. Instrúe todo o persoal de voo sobre medidas de seguridade que cómpre ter en conta. Practica embarques e desembarques con todos os compoñentes indicando onde debe situarse cada ferramenta. Informa de todas as situacións de emerxencia que poidan ocorrer e a forma de afrontalas, no caso de darse. Asiste ás clases teóricas sobre técnicas de ataque e coordinación de medios. Aconsella sobre a mellor maneira de actuar co fin de garantir que as operacións sexan eficaces e seguras. Dispón do equipamento cartográfico necesario e actualiza o GPS con todas as coordenadas correspondentes de puntos de auga, bases, etc. Velará en todo momento polo cumprimento da normativa vixente e afrontará as misións co maior grao de profesionalidade posible.

Copiloto. Realiza as funcións de supervisión de instrumentos e comunicacións durante o voo. Baixo a supervisión do comandante realiza funcións de pilotaxe no tempo de transporte

Base O Campiño 1998-2022

Distrito Forestal XIX
SPIF Pontevedra



entre a Base e o incendio e a volta. Fai as demais funcións que lle sexan asignadas polo comandante.

Técnico de mantemento de aeronaves. É o encargado de que a máquina estea sempre a punto realizando as revisións prevoo correspondentes. Revisa e analiza diariamente o combustible, tendo en conta que o helicóptero ten que estar operativo para a hora do orto. Informa diariamente do queroseno remanente e executa os labores que lle indique o comandante da aeronave.

4.3. PRINCIPAIS ACTIVIDADES QUE SE REALIZAN

Revisión dos EPI e ferramentas. Consiste en que cada compoñente comprobe o seu equipamento de protección (traxe ignífugo, botas, luvas, cinto, cantimplora, máscara, lentes, cobrecalugas, protector facial ignífugo, casco con pantalla protectora, lanterna, chisqueiro, galletas enerxéticas e outros útiles que cada compoñente estime conveniente a nivel individual).

Revisado o equipamento procédese a comprobar as ferramentas e a súa disposición no helicóptero: gorguis, batelumes, foces, equipamentos de comunicación, equipamento de cartografía e demais documentación, etc.

Tamén a revisión e estado dos vehículos.



Extinción de incendios forestais. Esta é a actividade principal das unidades da Base e a que vai condicionar as demais actividades que se realizan, ben porque esta é a prioritaria, ben porque hai outras actividades que se realizan para preparar os labores de extinción.

Cando hai helicóptero, na Base as misións aténdense mediante transporte aéreo a requirimento do Centro de Coordinación Provincial. Cando non hai helicóptero, o transporte é en vehículos e a requirimento do Centro de Coordinación do Distrito.

Preparación física. É unha actividade que se realiza practicamente a diario. Nos primeiros días de traballo os exercicios son curtos e suaves, para que a medida que vaian pasando os días se incremente a actividade ata obter un nivel óptimo de preparación. Procúrase facer un seguimento de cada individuo para que dentro da

capacidade de cada compoñente se vaia mellorando día a día, aínda que a posta a punto se alcanza axiña porque a maioría dos brigadistas están acostumados a facer deporte. Os exercicios consisten en: prequecemento muscular, táboa de ximnasia para potenciar o aparello locomotor, trotes combinados con exercicios de velocidade, resistencia e esforzo, carreira continua seguida de estiramentos e traccións musculares en máquina de pesas. Finalmente fanse técnicas de respiración co fin de superar situacións de estrés e posturas que axudan a oxixenar ben os pulmóns.

Prácticas con ferramentas. Para a construción de liñas de defensa fanse prácticas en parcelas próximas con base nas ferramentas de corte e raspado en diferentes modelos de combustible, co fin de estudar e mellorar rendementos. Por exemplo, nun modelo de combustible 4 usando 3 calabozos e 6 gorguis lógrase construír unha liña ata o mineral

de 150 metros de lonxitude en 45 minutos con técnica de avance progresiva. Tamén se realizan adestramentos de sistema de enrolo e desenrolo de mangueras co vehículo contra os incendios situado na Base.

Prácticas de embarques e desembarques no helicóptero. Simulación na Base de embarques e desembarques do helicóptero con todo o equipamento e en presenza do comandante da aeronave, do cal seguen as instrucións pertinentes para a seguridade en voo e o resto das operacións. Cando se teñen saídas falsas ou se regresa dunha extinción curta, fanse estacionarios (estáticos no aire) co helicóptero, desembarcando todo o material, desta forma, con estes adestramentos, pódense afrontar mellor aterraxes difíciles no monte.

Comida e descanso. A maioría das xornadas que realizan as brigadas helitransportadas teñen unha duración entre 10 e 12 horas, polo que a comida do mediodía faise na propia Base. Normalmente faise comida comunitaria para o grupo que estea de garda, agás algún compoñente que a nivel particular faga unha dieta especial. Recíbese información nutricional para inxerir dietas equilibradas e acordes ao traballo que se vai realizar, tamén se insiste en tomar comidas lixeiras e non copiosas que poidan provocar un corte de dixestión cun golpe de calor na extinción cando a alarma sorprende na hora ou pouco despois de comer. Como o maior número de lumes adoita iniciarse a partir das 15.30 horas, procúrase que o horario comece ás 13.00 horas. Rematada a comida hai un tempo de lecer no que maiormente se empregan xogos de mesa, lectura de revistas profesionais, charlas cotiás, visualización de informativos televisivos, etc.

Traballos de mantemento da Base. As instalacións necesitan un mantemento constante para asegurar a súa conservación e ornato, polo que hai que facer labores de orde e limpeza diaria en todas as dependencias, incluídas as destinadas a almacéns. Ademais periodicamente hai que realizar unidades de obras de mantemento especial, como pinturas de paramentos, protección exterior do edificio de madeira, etc., que tamén son executadas polo persoal destinado na Base. Tamén hai que realizar os traballos de mantemento do arboreto e das zonas axardinadas. Estes labores realízanos todos os membros da Base xunto coa persoa que está destinada exclusivamente aos traballos de mantemento da Base.

Deporte. Como a maioría dos combatentes son deportistas, o deporte é protagonista na Base, e o voleibol o máis practicado. Algúns membros da Base son xogadores do equipo de fútbol sala da Consellería do Medio Rural na liga Intercentros.

Clases teóricas. Nelas repásanse temas relacionados coa detección e a prevención, a extinción e a investigación dos incendios forestais. Tamén se dedica un tempo especial ás medidas de seguridade que requiren as operacións, así como técnicas de socorrismo, para as cales en determinadas ocasións contan coa axuda desinteresada de técnicos de emerxencia das ambulancias e persoal especializado das agrupacións de protección civil. Para facer máis amenas as clases, e tendo en conta que os brigadistas desta Base atesouran moita experiencia e varios deles formación media e superior, cada un prepara un tema completo, expoñe ao resto dos seus compañeiros e finalmente débátese. As ditas clases son presenciadas polos pilotos de garda cos que se debate sobre medidas de seguridade, coordinación e optimización dos medios aéreos actuantes na extinción de incendios.

Educación ambiental. Destinada a escolares, dende a idade infantil ao bacharelato, que visitan a Base. Mediante un protocolo establecido, o alumnado, dividido en grupos en función do número de visitantes, recibe charlas de prevención de incendios, visualiza vídeos de traballos de

Base O Campiño 1998-2022

Distrito Forestal XIX
SPIF Pontevedra



O Base Campiño 1998-2022

Distrito Forestal XIX
SPIF Pontevedra

extinción das brigadas da Base, visita o helicóptero e comproba o funcionamento dun camión de bombeiros forestais. Tamén se participa con escolares nas actividades no día da árbore e se realizan visitas aos centros para impartir unidades didácticas de educación ambiental deseñadas polo persoal da Base para as diferentes idades do alumnado.

Divulgación ambiental. Destinada a grupos de persoas relacionadas co sector –mancomunidades e comunidades de montes, asociación de veciños, etc– que visitan a Base, así coma a demais poboación que visita a Base en xornadas de portas abertas, onde comprobamos os medios alí destinados, ven proxeccións audiovisuais de extinción e reciben charlas de medidas de prevención dos incendios.

Traballos preventivos. Nos meses en que non hai helicóptero na Base as brigadas poden participar en traballos de prevención dentro do ámbito territorial do Distrito Forestal XIX, que na maioría dos casos adoitan ser de mantemento de puntos de auga para helicópteros e motobombas.

Actividades de formación. Como a Base dispón dunha aula de formación, nela organízanse cursos formativos impartidos coa participación dos membros da Base, para todas as categorías profesionais do SPDCIF e doutras entidades que participan na extinción. Tamén se realizan xornadas de formación específica do funcionamento dunha base aérea para estudantes de enxeñaría forestal e de formación profesional.

Visitas institucionais e medios de comunicación. Esta Base adoita ser obxecto de visitas de altos cargos públicos –presidente do Goberno, presidente da Xunta, ministros/as, conselleiros/as, directores/as xerais-, e tamén moi demandada polos medios de comunicación; posiblemente é a máis mediática do país. Dende aquí fixéronse traballos televisivos sobre incendios forestais para programas como *Informe Semanal* ou *El Escarabajo Verde*. Isto supón ter protocolos de actuación establecidos para recibir autoridades e atender os medios de comunicación.

4.4. MEDIOS TÉCNICOS E FERRAMENTAS INDIVIDUAIS

Neste apartado descríbense os medios que teñen as brigadas helitransportadas para afrontar con éxito os labores de extinción, que dentro de todas as actividades que realizan, esta é a principal e a razón de ser destas unidades. Ademais na Base dispóñense das outras ferramentas para executar todos os demais traballos e actividades que realiza o persoal alí destinado, dende ferramentas para impartir a educación ambiental ata as que se utilizan para podas, albanelería, fontanería, pintura, electricidade, etc.

O persoal encargado de realizar as tarefas de extinción precisa dispoñer dun mínimo de material técnico e equipamento. As operacións poden chegar a ser tremendamente complexas e arriscadas, polo que os medios e técnicas de ataque han de ser o máis axeitados posible, de fácil transporte, pouco peso e polivalentes.

Emisora aérea. Permite a comunicación entre os medios aéreos e a brigada. É enormemente útil para detallar o lugar exacto das descargas, non só por parte do helicóptero da Base, senón tamén por parte de avións lixeiros, hidroavións e outros medios que poden estar operando no mesmo incendio. Pero a principal función desta emisora é a de manter en todo momento un enlace entre a brigada e o helicóptero, e informar dos plans de ataque e medidas que se van adoptar, así como de posibles anomalías. Disponse de dous equipamentos como mínimo para unha brigada de dez persoas, co fin de asegurar as comunicacións e posibilitar a subdivisión da brigada para ataques envolventes en conatos.

Emisora terrestre. É o elemento principal de comunicación nos incendios forestais, permite o enlace entre todos os compoñentes do operativo terrestre, así como con aqueles helicópteros do SPDCIF que dispoñan dunha instalación deste tipo (en Galicia son a maioría). Na actualidade estes equipamentos son da rede TETRA e permiten a xeocalización da brigada e a posibilidade de enviar un sinal se socorro.

Pode ser de dous tipos:

Portófono: equipamento necesario para todas as unidades actúantes nunha extinción. Disponse de dous equipamentos como mínimo para unha brigada de dez persoas, co fin de asegurar a información das comunicacións á maioría dos seus membros, así como posibilitar a subdivisión da brigada para ataques envolventes en conatos.

De base fixa: máis grandes e adecuadas para instalar en vehículos, en helicópteros e en bases. A súa potencia e autonomía é maior ao estar conectadas ás baterías dos medios que as portan.

Emisora de comunicación interna. Son equipamentos portátiles dispostos de canles privadas para comunicacións internas entre todos os membros da brigada helitransportada. Cada integrante dispón dun equipamento.

Teléfono móbil. Equipado con diversas aplicacións e cartografía de ortofotos que serve para facer as seguintes funcións:

- Servir de medio de comunicación entre a brigada e os centros de coordinación.
- Dispoñer de cartografía actualizada en cada zona de actuación.
- Servir de GPS e de videocámara.

Cámara de fotos e vídeo. Necesaria para documentar en imaxes as características do incendio e os traballos de extinción, para posteriormente analízalas na Base e achegar documentación a outras áreas do servizo, en especial á de investigación.

Helicóptero. É o elemento principal de transporte e ataque neste tipo de brigadas. A máquina máis habitual nesta Base é unha biturbina, normalmente de catro pas no rotor principal, que dispón dunha potencia suficiente para elevar un bamby-bucket de 1.300 litros en plenas condicións (arredor dos 2.000 CV).

Dispón de emisoras de banda aérea e terrestre, tableta con coordenadas de todos os puntos de auga, cartografía actualizada e aplicacións de navegación. Debe dispoñer ademais de depósito de retardante co mecanismo que permita mesturar a auga do helibalde con algún tipo de composto retardante.

O sistema de transporte do helibalde debe ser no exterior da cabina de pasaxe, e a preparación para a súa despregadura ou recollida por parte da brigada debe supoñer o mínimo esforzo, así como ser práctica e segura.

A súa tripulación debe estar formada por dous pilotos e a cabina de pasaxe debe ser suficiente para transportar once persoas, ademais dos membros da tripulación, cos seus respectivos equipamentos de traballo.



Base O Campiño 1998-2022

Distrito Forestal XIX
SPIF Pontevedra

Cando se actúa nun incendio as manobras de embarque e desembarque son extremadamente perigosas, polo que baixo ningunha circunstancia e por moitos anos de experiencia que se teña no SDCIF, ningún deberá subir nesta clase de aparatos sen demostrar que dispón dos coñecementos necesarios para realizar este tipo de actuacións.

Vehículos todoterreo. Dispónse de dous vehículos todoterreo longos de sete prazas cada un para transportar a brigada helitransportada cando non hai helicóptero de servizo ou está inoperativo. Contan con equipamentos de comunicación, GPS con cartografía e baca portaferamentas manuais de contra incendios forestais.

Equipamento motobombas portátiles. Equipamento portátil para impulsar auga dende calquera recurso hídrico e pensadas especialmente para ser utilizadas nos incendios que poidan acontecer nas illas que integran o Parque Nacional das Illas Atlánticas. O equipamento está formado polos seguintes elementos:

- Unha motobomba portátil de 13 CV de potencia para capturar e impulsar a auga.
- Dúas motobombas de 2 CV de potencia cada unha para intercalar no tendido de manguera canda baixa a presión pola pendente ou pola lonxitude do tendido.
- Mangueras para facer un tendido de 500 m coas correspondentes lanzas e interseccións.
- Maletín estanco para helitransportar 6 litros de combustible para as motobombas.



Vehículo coche bomba. Aínda que non é un medio propio das unidades helitransportadas, é un elemento co que traballan nalgúns incendios, se poden dispoñer del. O equipo debe coñecer o funcionamento básico destes vehículos así como o protocolo xeral de aplicación en todos os distritos do SPDCIF. Mediante o seu uso deixan de traballar con ferramentas manuais para facer tendidos de auga no perímetro do incendio seguindo un protocolo de actuación preestablecido.

Ferramentas individuais. Aínda que existen no mercado un gran número de ferramentas para este tipo de traballos, só propoñeremos aquelas que con base na experiencia do equipo de traballo da Base do Campiño consideramos fundamentais, nunha zona xeográfica tan peculiar como é a galega.

Batelume. Ferramenta de sufocación, fundamental naqueles lumes nos que a altura da chama está por debaixo de 1,5 m de altura.

Gorgui. Ferramenta de corte e raspado, lixeira e multifuncional, que fai as funcións de machada, aixada e angazo. Veu substituír as funcións de *macleod* e de *pulaski*.

Fouce (ou podón). Serve para facer camiño entre a maleza e é unha ferramenta imprescindible para a construción de liñas de defensa con aparellos manuais. Hai dous tipos, de mango longo e de mango curto, tipo machete. As de mango curto pórtanas por defecto no seu equipamento varios compoñentes da brigada porque son moi útiles para abrir paso en momentos puntuais.

Acendedor-Queimador. Ferramenta de ignición utilizada para facer contralumes ou queimas de ensanche, técnicas de ataque indirecto cando os incendios adquiren certa dimensión.

Ferramentas helitransportadas. Todas as ferramentas anteriores poden transportarse no helicóptero. O número habitual para as brigadas do Campiño son seguintes: 12 batelumes, 6 gorguis e 4 calabozos.

No suposto de helitransportar as motobombas portátiles e todos os seus útiles, non se poden transportar as ferramentas manuais.

Ferramentas que se transportan no vehículo. Ademais das anteriores poden transportarse:

Mochila extintora. Fundamental naqueles lumes nos que a altura da chama está por debaixo de 1,5 m de altura. Débese de aplicar coa boquilla axustada entre unha pulverización total e un chorro continuo, e sempre actuando sobre a base da chama. Se a utilizamos correctamente, é fundamental á hora de baixar a intensidade da chama, así como para diminuír a radiación cando esta sexa intensa. É moi importante saber racionar a auga das mochilas, pois o seu principal inconveniente radica precisamente na súa pouca capacidade.

Motoserra de pequeno tamaño. É unha ferramenta que deben levar todas as brigadas de terra. No caso das helitransportadas, dada a experiencia realizada, pode prescindirse dela pois o seu uso é moi puntual, e para este precísase destinar un compoñente e un EPI para uso exclusivo desa ferramenta.

4.5. EQUIPAMENTO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI)

O EPI é de categoría III. Cumpre con toda a normativa para traballos de extinción de incendios forestais e está composto polos seguintes elementos:

Casco. Con pantalla anticalórica acoplada.

Lentes. Panorámicas con dobre acristalamento.

Máscara. Con filtros antipartículas sólidas.

Cantimplora. De 1,5 l de capacidade e cámara antitérmica.

Ferramenta multiúsos. Navalla, alicate, cortafíos... con funda e ancoraxe ao cinto.

Caixa de urxencias individual. Cos elementos básicos para trastornos ou accidentes leves.

Luvax. Que cubran parte do antebrazo e con ancoraxe ao cinto.

Botas. Impermeables, con illamento térmico, cordóns e cremalleira de atado rápido.

Traxe de extinción. Composto por chaquetón e pantalón con petos suficientes.

Roupa interior. Camiseta, calzóns e medias de algodón.

Cinto táctico. No que se poida colgar diferentes elementos.

Mochila táctica. Para gardar os elementos que non colguen do cinto.

Comida. Ración de suplementos enerxéticos substitutivos de alimentos.

Lanterna. Que se acople ao casco e que sirva para dar diferentes sinais de luz.

Portaequipamentos de comunicación. Para portar os portáfonos de comunicación.

5. DESEÑO E DEFINICIÓN DAS NECESIDADES DO PROCESO PRODUTIVO

As brigadas helitransportadas están consideradas como os equipos de elite do dispositivo de extinción dos incendios forestais. Todos os seus compoñentes son especialistas na aplicación das diferentes técnicas de extinción e, de maneira especial, na loita con apoio de medios aéreos, ao que hai que sumar unhas boas condicións físicas.

Unha especial característica destas unidades é a súa **rápida capacidade de resposta**, pódose en marcha todo o dispositivo dende o momento que reciben a orde de saída. Ao seren mobilizadas por helicóptero chegan con rapidez ao lugar do sinistro e a súa función tórnase máis imprescindible nas zonas máis afastadas e inaccesibles, xa que o helicóptero achega persoal e auga para afrontar o control das laparadas.

A organización das brigadas responde a unha **estrutura piramidal e altamente xerarquizada** onde cada compoñente ten unha función clara e unhas responsabilidades inherentes á función que desempeña, incluídos os membros da tripulación do helicóptero. A actuación do binomio brigada - helicóptero obedece a unha estrita coordinación e sincronización entre ambos os dous elementos e con escasa marxe de erro.

5.1. PROTOCOLOS ESPECÍFICOS DE ACTUACIÓN ESTABLECIDOS NAS FICHAS OPERATIVAS

No anterior apartado 4.3 enumeráronse as principais actividades que realizan as brigadas helitransportadas desta Base, así coma un breve resumo de cada unha delas. A complexidade do seu cometido, especialmente en materia de extinción, a execución por un equipo multidisciplinar con distintas funcións e responsabilidades dos seus membros, os riscos derivados da execución do proceso, a necesidade de documentar e avaliar cada intervención, a permanente comunicación cos centros de coordinación e a interacción con outros equipos que conforman o SPDCIF, fai que as súas actuacións respondan a **uns protocolos preestablecidos que deben ser coñecidos e executados, segundo cada nivel de responsabilidade**, en todas as intervencións por todos os membros participantes en cada actividade.



Estes protocolos, na Base do Campiño, están establecidos nas fichas operativas para a execución de determinadas actividades. Mediante este traballo foron revisadas e actualizadas varias fichas operativas debido a cambios establecidos no Pladiga, por modificación da normativa coa entrada en vigor do Real decreto 750/2014 (do 5 de setembro, polo que se regulan as actividades aéreas de loita contra os incendios e busca e salvamento, e se establecen os requisitos en materia de aeronavegabilidade e licenzas para outras actividades aeronáuticas), por cambio de modelo de helicóptero respecto do que viña operando habitualmente na Base, pola implantación de novas tecnoloxías e pola experiencia acumulada dos vinte e cinco anos de existencia da Base. Polo tanto, son

protocolos dinámicos que deben revisarse e actualizarse, cando sexa necesario, memorizarse e visualizarse periodicamente polas persoas implicadas.

Cada ficha operativa consta das seguintes partes:

- Código numérico e denominación para a súa identificación.
- Obxecto.
- Procedementos.
- Data de creación ou última revisión.

Dado o volume de páxinas que ocupan todas as fichas operativas, enuméranse aquí todas as existentes, e nos anexos poden visualizarse algunhas das máis importantes:

- FO 01. Comunicacions entre centros de coordinación e a base aérea.
- FO 02. Procedementos da persoa de garda responsable do servizo da emisora. Aplicacións “quendas” e “medios aéreos”
- FO 03. Procedemento de actuación conxunta brigada - helicóptero.
- FO 04. Procedemento de actuación brigada - vehículo motobomba.
- FO 05. Procedemento de atención médica en caso de accidente laboral.
- FO 06. Procedemento de autorización de gasto, pedidos e xestión de facturación.
- FO 07. Procedemento de cuadrante de posicionamento e perímetro de actuación (helicóptero – brigada).
- FO 08. Procedemento de alimentación do aplicativo “helicóptero”.
- FO 08. Procedemento de alimentación da base de datos “lumes”.
- FO 09. Procedemento de inspección, revisión e xestión de vehículos.
- FO 10. Procedemento de inspección da aeronave e substitución de tripulacións.
- FO 11. Procedemento de equipamento do helicóptero.
- FO 12. Procedemento de utilización e transporte de motobombas portátiles.
- FO 13. Procedemento de remisión periódica da documentación aos centros de coordinación.
- FO 14. Procedemento de embarque, desembarque, transporte e estacionarios con helicóptero.
- FO 15. Procedemento de xestión de permisos do persoal.
- FO 16. Procedemento de autoprotección con vehículo motobomba.
- FO 17. Procedemento de transporte con vehículos.
- FO 18. Procedemento de formación teórico-práctica básica para as unidades helitransportadas.
- FO 19. Procedemento de formación física. FICAR.
- FO 20. Procedemento de visita de escolares na Base.
- FO 21. Procedemento de recepción de prensa e autoridades.
- FO 22. Procedemento de comprobación e revisión de equipamentos.
- FO 23. Procedemento en caso de emerxencia aérea na Base.
- FO 24. Procedemento de alimentación dos aplicativos de xestión do persoal e certificacións.

5.2. FASES DA MOBILIZACIÓN E DESMOBILIZACIÓN CON HELICÓPTERO

Cando é solicitado o helicóptero coa súa brigada para participar nun incendio, varios dos protocolos citados anteriormente podemos resumilos nos seguintes pasos:

Orde do Centro de Coordinación Provincial (CCP) vía telefónica cos seguintes datos: concello, parroquia, folia e cuadrícula cartográfica, director de extinción se xa está nomeado, canle de comunicación para esa extinción, enumeración de medios se xa están traballando no incendio e outra información de interese para a operación.

Recollida de datos

- A persoa de garda da emisora recolle os datos e fai soar a alarma na Base. A partir de aquí cada persoa sabe cal é o seu cometido.
- Os responsables da unidade e mais os membros da tripulación, logo de revisión e vestimenta dos correspondentes EPI, copian todos os datos.
- Os membros da brigada revisan os seus EPI e demais elementos necesarios para o combate.

Embarque e engalaxe

- Recollidos todos os datos, a tripulación procede a arrancar motores.
- A brigada procede para formación de embarque.
- Cos motores en marcha e baixo a autorización do piloto da aeronave, a brigada embarca segundo os protocolos establecidos e seguidamente engala o helicóptero rumbo ao destino.
- A persoa da emisora informa da engalaxe ao CCP e carga os datos na aplicación correspondente.

Durante o voo

- O helicóptero con rumbo recto ao destino desprázase a unha velocidade aproximada de 120 nós / 216 Km/hora.
- Polas radios préstase atención á información que poidan emitir sobre o incendio ou as novas instrucións que poida indicar o CCP.
- Supervisión permanente do horizonte por se se detecta algunha nova alarma para dar conta dela ao CCP.
- Todos os integrantes permanecen nos seus asentos, coas medidas de seguranza pertinentes e a sabendas que cada un, segundo a súa posición, ten a súa misión no desembarque.

A chegada ao lume, no caso de ser o primeiro medio

- Realizar un xiro de 360º sobre o incendio para estudar a súa xeometría actual e potencial.
- Deseñar o plan de ataque e elixir a combinación de ferramentas máis axeitada en función do plan previsto.
- Elixir o punto de toma do helicóptero para o desembarque.
- Cursar información ao CCP sobre a chegada ao lume.

- Tipo de incendio, velocidade de propagación, lonxitude da chama, modelo de combustible e superficie afectada.
- Condicións da zona: pendente, exposición, vento e outras condicións climáticas.
- Perigos potenciais e bens ameazados.
- Medios de apoio que se necesitan, de ser o caso, e tempo estimado para o control do lume.

Procedemento de desembarque

- Aproximación ao punto de toma elixido.
- Coa toma en terra e co protocolo de desembarque establecido, o desembarque do persoal con descarga das ferramentas elixidas e despregadura do helibalde.
- Coa brigada en terra na posición e forma protocolizada, o seu mando avisa a tripulación de que xa pode engalar o helicóptero.



Ataque ao incendio

- O helicóptero procede a cargar auga no punto de auga máis próximo segundo a información do GPS de a bordo.
- A brigada procede coas súas ferramentas a fronte do lume, tendo sempre presente cal é a ruta de escape segura, e o seu mando constitúese en director de extinción ata que sexa substituído por outro mando do distrito forestal de destino.
- Ataque ao lume co binomio brigada – helicóptero, tendo rutas de escape seguras.

A chegada ao lume no caso de non ser o primeiro medio

- Notificar a aproximación ao incendio ao director de extinción ou coordinador aéreo, de ser o caso.
- Realizar un xiro de 360º sobre o incendio e cursar a información ao director de extinción.
- Cursar a información descrita no punto 5.d) anterior ao CCP e proceder ao desembarque segundo a descrición anterior.
- Proceder a realizar o ataque ao incendio segundo as instrucións recibidas do director de extinción.
- Se a extinción é moi prolongada, o helicóptero precisará realizar os reabastecementos precisos na base aérea máis próxima.



Desmobilización

- Baixo as ordes do director de extinción procederase á retirada do incendio.
- Establecer o punto de toma do helicóptero onde se produciu o desembarque ou nun punto novo.
- Coa formación de embarque da brigada o helicóptero toma terra.

- Baixo a orde do piloto o persoal introduce as ferramentas no helicóptero, recolle o helibalde e cada integrante procede a cadansúa praza.
- O helicóptero engala e segundo as ordes do CCP procederá para a súa Base, se ten autonomía de combustible suficiente, ou para un novo incendio, de ser o caso, se hai autonomía e tempo suficiente antes do ocaso, ou para a Base aérea máis próxima se precisa reabastecemento.

Regreso á Base

- Comunicación ao CCP.
- Reabastecemento e revisión do helicóptero polo TMA.
- Revisión de equipamentos e aprovisionamento da brigada.
- Introducción de datos nas diferentes aplicacións e bases de datos.
- Se procede, revisar a actuación por todos os membros na aula.

6. PLANIFICACIÓN DA EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES DO PROCESO PRODUTIVO

A ocorrencia dos incendios non responde a unha temporalidade estable ao longo do ano, senón que responde a unha serie de factores, ademais da problemática das causas e motivacións que provoquen o seu inicio en determinadas zonas concretas, entre estes, podemos citar os seguintes:

Época do ano: época de perigo alto, medio ou baixo en función da estación. Independentemente do perigo establecido para cada estación, os perigos medio e baixo poden aumentar nun intervalo de días ou meses concretos en función das condicións climáticas.

Índice de risco diario de incendio (IRDI): baixo, moderado, alto, moi alto ou extremo en función das previsións meteorolóxicas de cada día.

Daquela, a planificación do proceso produtivo ten que responder ás necesidades de cada momento:

- A época de perigo determina a carga de persoal e medios do dispositivo de extinción.
- O IRDI determina a planificación das actividades diarias dos recursos.

Tendo en conta eses parámetros tamén se planifican os recursos helitransportados da Base do Campiño, que na actualidade é como se establecen nos apartados seguintes:

6.1. CARGA DE PERSOAL SEGUNDO A ÉPOCA DO ANO

Se temos en conta as táboas sobre capital humano da Base no anterior punto 4.1, os recursos por época de ano son os seguintes:

RECURSOS SEGUNDO ÉPOCA DO ANO					
Época perigo	Meses	Recurso	Nº de persoas	Tipo de persoal	Total persoas
Baixo	1, 2 e 12	Axentes ambientais	2	Funcionario	3
		Peón mantemento	1	Laboral	
Medio (sen helicóptero)	3, 6 e 11	Axentes ambientais	2	Funcionario	21
		Brigada heittransportada	17		
		Emisorista	1	Laboral	
Medio (con helicóptero)	4, 5 e 10	Peón mantemento	1		37
		Axentes ambientais	2	Funcionario	
		Brigada helitransportada	2		
		Emisorista	3	Laboral	
		Tripulación e TMA	6	Externo	
Alto (con helicóptero)	7, 8 e 9	Axentes ambientais	2	Funcionario	37
		Técnico	1		
		Brigada helitransportada	24	Laboral	
		Emisorista	3		
		Peón mantemento	1		
		Tripulación e TMA	6	Externo	

Como pode observarse, a carga de persoal vai aumentando en función do perigo establecido para cada época do ano.

Igualmente, a duración das quendas, cuxa duración máxima pode ser de ata 12 horas, a previsión anual para as brigadas helitransportadas é a seguinte:

DURACIÓN DAS QUENDAS DAS BRIGADAS HELITRANSPORTADAS		
Meses	Horas previstas	Máximas diarias
Marzo e novembro	7	12
Abril, maio, xuño e outubro	10,5	12
Xullo, agosto e setembro	11,5	12

Con este tipo de quendas a **secuencia de días de traballo e descanso é a seguinte:**

- Unha semana trabállase luns, mércores, sábado e domingo e líbrase martes, xoves e venres, ou viceversa.
- Na seguinte semana trabállase martes, xoves e venres e líbrase luns, mércores, sábado e domingo, ou viceversa.

A persoa de mantemento da Base fai 7,5 horas de mañá de luns a venres.

A tripulación cando hai helicóptero fai o mesmo horario que a brigada helitransportada; e traballan 22 días consecutivos seguidos de 8 días libres.

O persoal funcionario (axentes ambientais), cando hai helicóptero, a duración e secuencia da quenda é a mesma que para as brigadas, cando non hai helicóptero fai quendas de 7 horas de luns a venres na quenda que corresponda (mañá, tarde ou noite) e un fin de semana cada mes e medio.

Daquela, cando hai helicóptero na Base, tendo en conta a secuencia e duración das quendas, os descansos, vacacións e outros permisos do persoal, **o equipo de garda diario está composto polos seguintes membros:**

- En época de perigo medio:
 - Un axente ambiental.
 - Unha brigada helitransportada composta por 6-7 membros.
 - Un piloto, un copiloto e un TMA.
 - No 40 % dos días unha persoa emisorista.
- En época de risco alto:
 - Un axente ambiental ou técnico.
 - Unha brigada helitransportada composta por 8-9 membros.
 - Un piloto, un copiloto e un TMA.
 - Unha persoa emisorista.

6.2. PLANIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES DIARIAS SEGUNDO O IRDI

Cando o índice ten valores inferiores ao alto, van ter máis peso as actividades relacionadas cunha preparación física forte, adestramento con ferramentas manuais e traballo pesado de mantemento da Base. Se os valores son iguais ou superiores ao alto, as actividades máis destacadas serán as de preparación física suave e traballos de mantemento cotiáns da Base.

As tarefas de revisión dos equipamentos deben de realizarse todos os días á entrada en servizo, e a educación ambiental na Base, cando hai helicóptero e dentro do período lectivo para o alumnado, faise nas dúas primeiras horas da entrada en servizo, que pode chegar a suspenderse, coa antelación suficiente e co mínimo trastorno para os centros educativos, cando haxa ou se presuma moita carga de labores de extinción. As demais visitas e xornadas de portas abertas procuran facerse en días con IRDI moderado ou baixo.

Exemplo de planificación diaria con IRDI medio e época de perigo alto.

- Ás 9.30 horas entrada en servizo. Comprobación de todos os efectivos, asignación de prazas durante o voo no helicóptero e comprobación de pesos e centrado. En función do asento cada integrante, terá unha misión concreta durante o embarque e desembarque, estiba de material e manipulación do helibalde.
- De 9.45 a 10.15 horas revisión dos EPI e comprobación das ferramentas no helicóptero.
- De 10.15 a 11.45 horas de preparación física.
- De 11.45 a 13.00 prácticas cos equipamentos.

- De 13.00 a 16.00 comida, orde e limpeza da instalación e descanso.
- De 16.00 a 17.00 clases teóricas.
- De 17.00 a 18.00 merenda e tempo de descanso.
- De 18.00 a 20.00 traballos de mantemento da base ou prácticas.
- De 20.00 a 21.30 deporte.

Este non é un horario ríxido pois o seu cumprimento depende da carga de traballo en extinción e da necesidade de reforzar o tempo destinado para realizar determinadas actividades en cada momento. Por exemplo, nos inicios de campaña destínase máis tempo a clases de teoría, especialmente en temas de seguridade e prácticas con ferramentas.

6.3. RESUMO DE ACTIVIDADES POR INDIVIDUO

Na Base hai unha ferramenta informática para a xestión do persoal, da que resaltamos aquí as partes máis importantes:

Folla de quendas, onde se establece a previsión de persoal de garda e se comproba cada día, así coma todas as incidencias de cada persoa: vacacións, baixas, días libres, permisos, etc. Hai unha folla por mes e móstrase aquí a do mes de xullo de 2018.

Folla resumo de todas as follas mensuais de quendas, onde se visualizan as horas totais por persoa: traballo, vacacións, baixas, permisos, etc. Móstrase aquí a correspondente a 2018.

Base Campiño 1998-2022

Distrito Forestal XIX
SPIF Pontevedra

Folla onde diariamente se pon o tempo empregado en cadansúa actividade. Hai unha por mes. Na seguinte reflíctense os primeiros 16 días do mes de xullo de 2018.

		1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16
INCENDIO	EXTINCION							1:00									1:22
	INCENDIOS			1:00	1:00												
	FORM. TEORICA	4:00	2:00			2:00	1:00					2:00		2:00	1:00		
FORM. PRACTICA	OUTROS					1:00	1:00								1:00		
	LIÑA DEFENSA			1:30	1:30				2:00		2:00						
	TENDIDO MANGUEIRA				1:00		1:00		1:30	1:30		2:00	2:00				
	FERRAMENTAS		2:00			2:00		1:30									
	HELICOPTERO		1:30	2:00	1:00	1:00	1:00	1:30	1:00		2:00		1:30		1:00		1:00
TRANSPORTE	OUTROS								2:00					1:00			
	HELICOPTERO							0:15									0:20
OUTROS	PREPAR. FISICA	2:00	2:00	2:00	3:00	2:00	4:00		3:00	2:00	3:00	2:00	1:00	2:00	2:00	2:00	2:00
	MANTEMENTO BASE	3:00	2:00	2:00	2:00	3:00	2:30	2:00	2:00	3:00	2:00	2:30	4:00	4:00	3:00	3:00	6:00
	TRABALLOS PREVENTIVOS																
	DIVULGACION AMBIENTAL																

Folla sumadora das horas das actividades que se fan diariamente e en todos os meses, sumando datos de horas / actividade / persoa. É unha intersección da folla 1 e folla 3 anteriores. A inserida aquí mostra os resumos de 2018.

CALCULAR	FORMACION TEORICA				FORMACION PRACTICA				TRANSPORTE		OUTROS				SUMA FINAL					
	EXTINCION (TOTAL)	INCENDIOS	SPEL. IRIG. APDF	OUTROS	TOTAL	LIÑA DEFENSA	TENDIDO MANGA	FERRAMENTAS	HELICOPTERO	OUTROS	TOTAL	HELICOPTERO	VEHICULO	TOTAL		PREP. FISICA	MANTEM. BASE	TRABALLOS PREV.	DIVULGACION AMB.	TOTAL
0	28:08	2:30	10:30	2:30	14:30	1:30	10:30	6:00	18:30	6:00	44:30	10:22	0:13	13:32	162:30	285:50	0:30	65:15	517:05	586:37
0	20:28	4:30	10:30	2:30	17:30	1:30	7:30	2:00	11:30	7:00	23:30	8:56	1:03	9:56	132:30	228:00	0:30	42:25	462:35	457:51
0	29:15	5:30	16:30	2:30	23:00	1:30	11:30	6:00	15:00	6:00	42:00	12:25	1:03	13:25	156:30	288:30	0:30	57:50	504:30	502:46
0	7:50	0:30	4:00	0:30	4:00	0:00	4:00	4:00	4:00	6:00	16:00	2:06	2:03	4:09	55:30	110:00	0:30	27:00	195:30	215:59
0	24:37	4:30	12:30	2:30	19:30	1:30	11:30	6:00	19:00	4:00	43:00	10:11	0:53	11:01	155:30	288:50	0:30	62:25	487:35	538:46
0	28:51	4:30	7:00	0:30	11:00	0:00	7:00	4:00	14:00	3:00	28:00	10:33	1:03	11:33	155:30	288:50	0:30	64:25	514:35	561:28
0	36:26	5:30	14:30	2:30	21:30	1:30	9:30	6:00	12:30	4:00	33:30	14:08	3:03	17:05	184:30	292:50	0:30	68:50	576:10	637:66
0	23:48	5:30	14:30	2:30	21:30	1:30	11:30	6:00	19:00	5:00	43:00	9:05	0:53	9:53	185:30	289:20	0:30	67:50	538:45	610:38
0	12:59	3:30	12:30	1:30	16:30	1:30	5:30	2:00	10:30	2:00	21:30	7:32	0:13	7:42	92:00	155:50	0:30	37:45	280:36	323:77
0	18:30	2:30	15:30	1:30	16:30	1:30	3:30	2:00	10:00	2:00	19:00	5:26	0:13	5:39	74:30	233:30	0:30	35:20	239:25	278:34
0	13:52	4:30	12:30	2:30	16:30	1:30	5:30	2:00	11:30	2:00	22:30	8:24	0:03	8:24	85:00	130:00	0:30	22:15	237:35	286:09
0	20:30	5:30	8:00	1:30	14:30	5:30	5:30	5:30	15:30	1:00	33:00	10:23	0:13	10:37	88:00	227:00	0:30	11:00	224:30	281:30
0	18:55	2:30	2:00	0:30	4:30	0:00	1:00	0:00	2:30	0:00	3:30	6:22	0:13	6:32	69:30	222:50	0:30	32:55	225:15	241:47
0	0:00	0:30	0:00	0:30	0:00	0:00	3:00	0:00	3:00	0:00	0:03	0:00	0:03	0:00	0:30	0:00	0:00	0:00	0:30	0:00
0	20:17	5:30	5:30	0:30	11:30	2:00	8:00	6:00	12:11	15:33	41:41	5:26	2:43	8:09	102:20	251:30	0:30	30:50	364:30	445:00
0	54:33	4:30	8:30	1:30	14:30	7:30	8:30	7:30	20:11	10:33	52:11	11:12	4:03	15:10	126:20	315:30	0:30	81:50	503:30	531:0
0	23:11	6:30	9:30	1:30	17:30	7:30	2:30	3:30	16:51	6:00	36:21	7:24	4:03	11:24	120:30	241:20	0:30	26:30	339:20	456:05
0	22:35	5:30	8:30	1:30	15:30	7:30	4:30	5:30	20:11	12:33	53:11	8:04	4:03	12:04	126:20	305:00	0:30	45:30	418:30	556:05
0	20:48	7:30	10:30	1:30	19:30	7:30	4:30	5:30	19:50	13:33	50:50	10:37	4:43	15:17	140:20	330:50	0:30	50:50	526:30	604:37
0	22:43	5:30	7:30	0:30	13:30	2:00	3:00	4:00	11:51	12:33	30:21	6:41	5:23	14:01	133:20	325:50	0:30	66:20	520:30	587:52
0	23:44	3:30	6:30	0:30	10:30	2:00	6:00	6:00	10:11	14:33	38:41	11:21	4:03	15:21	121:20	326:50	0:30	70:20	523:30	585:32
0	20:36	6:30	8:00	1:30	16:30	7:30	4:30	5:30	15:20	13:33	46:20	6:44	4:03	13:44	102:30	233:30	0:30	27:45	368:35	438:45
0	7:51	1:30	4:00	1:30	6:00	6:00	3:30	3:30	11:51	2:00	26:51	5:45	0:03	5:45	75:20	118:00	0:30	7:00	200:30	238:56
0	14:23	6:30	8:00	0:30	14:30	5:30	4:30	4:00	11:21	2:00	27:21	7:04	0:03	7:04	86:20	236:30	0:30	32:00	254:30	309:45
0	28:06	6:30	9:00	0:30	16:30	5:30	4:30	6:00	13:51	2:00	31:51	6:13	0:03	6:13	79:20	330:00	0:30	18:00	230:30	285:54
0	0:00	0:30	0:00	0:30	0:00	0:00	3:00	0:00	3:00	0:00	0:03	0:00	0:03	0:00	0:30	0:00	0:00	0:00	0:30	0:00
0	0:00	0:30	0:00	0:30	0:00	0:00	3:00	0:00	3:00	0:00	0:03	0:00	0:03	0:00	0:30	0:00	0:00	0:00	0:30	0:00
0	0:00	0:30	0:00	0:30	0:00	0:00	3:00	0:00	3:00	0:00	0:03	0:00	0:03	0:00	0:30	0:00	0:00	0:00	0:30	0:00

Nesta folla apreciamos dúas partes de celas de números onde cada unha se corresponde cunha brigada helitransportada. Nas celas que marcan cero é que non hai traballadores asignados, están por se hai incremento de persoal; as catro últimas, con rexistros das dúas partes, correspóndense con rexistros de persoal de 4 meses e as restantes de persoal de 9 meses, algún deles con rexistros de horas baixos porque sufriron baixas laborais.

Desta última folla podemos sacar as seguintes conclusións:

- Neste ano 2018 houbo pouca carga de traballo en extinción, a persoa que máis traballou en extinción sumou 36:26 horas. Hai anos, especialmente entre 1998 e 2006, onde a media de horas de extinción superou as 100 por persoa. En relación con este dato tamén están as horas de transporte en helicóptero por persoa.
- Malia de dispoñer dun equipo humano con moita experiencia, dedícase suficiente tempo á formación tanto teórica coma práctica; aínda que se as persoas fosen noveis habería que incrementar eses tempos.
- A preparación física e o mantemento da Base son as actividades que suman os maiores rexistros.
- Hai persoas que dedicaron arredor de 70 horas en educación ambiental, o que demostra a aposta por esta faceta como un elemento básico na prevención dos incendios forestais.

7. PREVENCIÓN DE RISCOS

En materia de prevención de riscos, estes están avaliados para cada unha das categorías profesionais polo Servizo de Prevención de Riscos dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Por outra parte, realizouse en xuño deste ano a revisión do plan de prevención do centro de traballo por técnicos da mutua contratada pola Xunta de Galicia e está pendente de trasladar os resultados e o plan de acción pertinente.

Pero ademais do anterior, tres integrantes da Base realizaron un proxecto de fin de máster en prevención de riscos laborais, tanto da Base coma do centro de traballo coma de todas as tarefas que realizan cada unha das categorías profesionais alí destinadas.

Ningún destes documentos citados se pode anexar a este traballo dadas as súas dimensións. Unicamente se achega en anexos unha pequena parte, considerada de interese, do traballo de máster, que é o plan de emerxencia da Base, que ademais tamén consta como ficha operativa.

No entanto, cabe lembrar, aquí brevemente, os riscos aos que están sometidos as persoas que traballan na extinción, as dezaioito situacións de maior risco e as dez normas de combate en materia de incendios forestais.

7.1. PRINCIPAIS RISCOS DERIVADOS DA EXTINCIÓN

Térmicos, derivados das altas temperaturas dos incendios.

- Fumes e gases tóxicos derivados da combustión.
- Ruídos da maquinaria que traballa nos labores de transporte e de extinción.
- Impactos por desprendemento de rochas, caídas de arboredo e descargas de auga.
- Produtos químicos utilizados como retardantes nas descargas de auga dos medios aéreos.
- Abrasión, rozaduras e cortes ocasionados pola materia vexetal, ferramentas e maquinaria.
- Condicións de visibilidade escasa por materiais en suspensión, fume, po e vapor de auga.
- Cansazo físico, sobreesforzos e trastornos muscoesqueléticos derivados da utilización de ferramentas e maquinaria.
- Estrés derivado dos sobreesforzos e riscos da extinción.
- Caídas ao mesmo e a distinto nivel.
- Derivados do transporte, tanto por medios terrestres coma aéreos.

7.2. DEZAOITO SITUACIÓNS DE RISCO

1. Estar nun incendio que non fose explorado e dimensionado.
2. Estar de noite en terreo descoñecido que non fose recoñecido durante o día.
3. Cando nas rutas de escape as zonas de seguridade non están identificadas adecuadamente.
4. Estar nunha zona onde non coñecemos os factores locais que inflúen no comportamento do lume.
5. Cando no coñecemos a estratexia, tácticas e riscos.
6. Cando as instrucións ou as ordes non son claras.
7. Perder o enlace coa brigada ou o mando.
8. Construír unha liña sen un punto de ancoraxe segura.
9. Construír unha liña de defensa costa abaixo cara ao incendio.
10. Intentar un ataque á cabeza do incendio.
11. Cando hai combustible sen queimar entre os combatentes e o incendio.
12. Cando non podemos ver o incendio principal nin temos comunicación cos que si poden velo.
13. Estar nunha ladeira onde o material que vai rodando pode iniciar focos secundarios costa abaixo.
14. Cando o tempo se volve máis quente e seco.
15. Cando o vento aumenta a súa velocidade e/ou cambia de dirección.
16. Cando existen frecuentes focos secundarios fóra da fronte da chama.
17. Cando o terreo ou o combustible dificultan o escape a zonas seguras.
18. Descansar preto da fronte da chama.

7.3. DEZ NORMAS DE COMBATE NOS INCENDIOS FORESTAIS

Son as accións correctas que podemos tomar como resposta ás 18 situacións de risco:

Normas sobre comportamento do lume

1. Mantéñase informado sobre as condicións meteorolóxicas e as previsións.
2. Mantéñase sempre consciente do comportamento do incendio. Observar persoalmente ou empregar un observador.
3. Calquera acción contra o incendio debe ser segundo o comportamento actual e o futuro deste.

Normas sobre seguridade

4. Manteña rutas de escape para todo o persoal e deas a coñecer.
5. Manteña un posto de observación cando exista a posibilidade de perigo.
6. Mantéñase alerta e con calma, pense claramente e actúe con decisión.

Normas sobre control de operacións

7. Manteña comunicación co persoal, xefes e forzas anexas.
8. Dea instrucións claras e asegúrese de que todo o persoal as entenda.
9. Manteña o control do persoal en todo momento.

Norma xeral

10. COMBATER O INCENDIO MANTENDO A SEGURIDADE COMO A PRIMEIRA CONSIDERACIÓN.

8. ORZAMENTO

8.1. CUSTOS DE PERSOAL POR CATEGORÍA PROFESIONAL

Os custos seguintes inclúen:

- Salarios e custos sociais.
- Custos dos EPI.
- Parte proporcional do custo de vehículo (alugamento e combustible).

CUSTOS DE PERSOAL

Categoría profesional	Nº de compoñentes	€ / hora	Máximo horas / ano	Custo € / ano
Axentes ambientais	2	24,72	1.665	82.317,60
Técnico, 6 meses	1	28,84	802	22.648,48
Xefe brigada, 9 meses	2	21,25	1.194	50.745,00
Bombeiro condutor, 9 meses	2	18,80	1.194	44.894,40
Bombeiro de 9 meses	13	17,78	1.194	275.981,16
Bombeiro de 6 meses	7	17,78	802	99.816,92
Emisorista de 9 meses	1	14,50	1.194	17.313,00
Emisorista de 6 meses	2	14,50	802	23.258,00
Peón mantemento	1	14,00	1.665	23.310,00
TOTAL CUSTOS DE PERSOAL				640.284,56

8.2. CUSTOS DA CONTRATACIÓN DO HELICÓPTERO

Inclúe todos os custos: tripulación, combustible, mantemento, etc. dun helicóptero medio tipo Bell 412, segundo o último prego de contratación.

CUSTOS DE HELICÓPTERO MODELO BELL 412

€/ día	Días / ano de contrato (6 meses)	Total € / ano
4.823,75	182	877.922,50

8.3. CUSTOS CORRENTES DE MANTEMENTO DA BASE, IMPOSTOS INCLUÍDOS

GASTO CORRENTE BASE DO CAMPIÑO

Concepto	€/ ano
Subministración de enerxía eléctrica	3.803,55
Subministración de auga da rede	3.603,76
Subministración de auga potable	1.563,13
Subministración de propano	276,98
Subministración de pélets para calefacción	483,11
TOTAL GASTO CORRENTE	9.730,53

8.4. OUTROS CUSTOS, IMPOSTOS INCLUÍDOS

OUTROS CUSTOS

Concepto	€/ ano
Reposición de ferramentas manuais	
Mantemento de ferramentas mecánicas	2.994,56
Outros gastos de mantemento da Base	
TOTAL OUTROS CONCEPTOS	2.994,56

8.5. TOTAL GASTOS

TOTAL GASTOS BASE DO CAMPIÑO

Concepto	€/ ano
Do persoal	640.284,56
Do helicóptero	877.922,50
Do gasto corrente	9.730,53
Doutros gastos de mantemento	2.994,56
TOTAL GASTOS ANUAIS	1.530.932,15

9. CONTROL DE CALIDADE DO PROCESO PRODUTIVO


9.1. ESTATÍSTICA DA EXTINCIÓN

Distrito Forestal XIX
SPIF Pontevedra


Nas táboas e gráficos seguintes ofrécese información sobre o número de incendios e horas de helicóptero por ano nos que participaron o binomio brigada - helicóptero da Base do Campiño.

As cifras falan por si soas. En total participouse ata o de agora en 3.419 incendios e empregáronse 4.362 horas de voos en helicóptero. Distínguense dous períodos polas grandes diferenzas entre ambos os dous, por un lado, dende 1998 ata 2006, ambos incluídos (9 anos), e entre 2007 e 2022, ambos incluídos ata a data actual, 16 anos. Tamén se dan os sumatorios dos dous períodos, 25 anos, incluído o ano da inauguración. Nos anos con maior número de incendios houbo algún día en que se chegou a participar ata en dez conatos de incendio, o que puxo a proba o funcionamento do operativo.

Ano	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Nº Actuacións	209	148	147	169	195	159	332	283	253	30	36	129	202	335	138	223	48	186	176	218	82	100	140	51	185
Total	1895									2279															4174



Ano	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Nº Horas Voo	307	188	250	237	318	201	380	364	319	29	32	121	186	351	149	210	43	179	178	231	90	101	141	54	192
Total	2564									2287															4851



A continuación móstranse as medias de actuacións por ano e descargas por incendio en cada período e as medias dos 25 anos.

PERÍODO 1998 - 2006 (incluídos)	TERMOS MEDIOS			
	Nº horas incendio	Nº incendios ano	Nº horas extinción ano	Nº descargas por incendio / litros
	1h : 21´	211	285	12 / 15.600
PERÍODO 2007 - 2022 (incluídos)	TERMOS MEDIOS			
	Nº horas incendio	Nº incendios ano	Nº horas extinción ano	Nº descargas por incendio / litros
	1h : 09´	167	194	9 / 11.700
TOTAIS DOS 25 ANOS	1h : 15´	189	239	10,5 / 13.650

9.2. RENDEMENTOS EN EXTINCIÓN

O rendemento na extinción de incendios forestais depende de múltiples factores. Os máis importantes, e diferenciados en dous tipos, son os seguintes:

Factores intrínsecos. Dependen das características do persoal:

- Nivel de especialización: formación + adestramento + experiencia.
- Motivación do persoal.
- Número de persoas que compoñen o equipo de traballo.
- Calidade das ferramentas para executar o traballo.

Factores extrínsecos. Depende das características onde se desenvolva a actuación:


- Topografía: pendente e exposición.
- Modelos de combustible.
- Comportamento do incendio: velocidade de propagación e lonxitude da chama.
- Tamaño do incendio.
- Tipo de ataque.
- Duración da actuación.
- Clima: temperatura, humidade e velocidade e dirección do vento.

Resulta altamente complexo determinar con exactitude o rendemento neste tipo de traballo cando inflúen tantos factores, pero si podemos extraer uns rendementos aproximados medios xa que nesta Base se documentan a maioría das actuacións nas que tamén se rexistran a maioría das circunstancias dos factores descritos.

Nas táboas e gráficos seguintes ofrécese características das actuacións e posteriores rendementos medios tras a análise detallada dun suficiente número de rexistros acontecidos entre os anos 2009-2015.


9.2.1. Actuacións por provincia sobre unha mostra de 689 rexistros acontecidos entre 2009 e 2015.

9.2.2. Situación na que quedaron os incendios á retirada da brigada e o helicóptero nunha mostra de 559 incendios acaecidos entre 2009-2015. Aquí hai que ter en conta que as unidades helitransportadas practicamente non fan labores de liquidación e a súa misión céntrase no control do incendio. Nos rexistros consta que os lumes que quedaron activos son cando os medios aéreos se retiran polo caso.



9.2.3. Actuacións segundo o modelo de combustible sobre unha mostra de 590 actuacións acaecidas entre 2009 e 2015. Como se pode apreciar, gran parte das actuacións son sobre modelos de combustible de mato, e dentro destes principalmente sobre o modelo 4 (Modelos de Rothermel, 1972).

9.2.4. Actuacións segundo o tipo de ataque sobre unha mostra de 623 rexistros entre os anos 2009 e 2015.



9.2.5. Táboa de rendementos medios tendo en conta unha serie de parámetros medios tras a análise de 552 rexistros entre 2009 e 2015.

Tipo incendio	Modelo combustible	Tipo de ataque	Pendente %	T ^a °C	Humidade %	Vento Km / h	Nº Bombeiros	Nº Bambis	Avance (m)	Tempo (h)
Superficie	Mato	Directo	16	29	36	10	8	9	313	1:00

9.2.6. Táboa comparativa de rendementos medios con outras unidades dentro de España e de Estados Unidos de actuacións sobre o modelo de combustible 4.

Modelo de combustible	Brigada 8 persoas España m / hora	Brigada 8 persoas USA m / hora	Brigada 8 persoas O Campiño m / hora
4	282	113	313

Os datos das brigadas de USA e doutras brigadas de España son obtidos da bibliografía *La Defensa Contra incendios Forestales, fundamentos y experiencias* (Editorial Macgrawhill). No mesmo libro dise que a diferenza existente entre as brigadas de USA e as españolas débese ao maior apoio aéreo que reciben estas últimas dos seus helicópteros. Son estas, segundo a mesma bibliografía, brigadas helitransportadas do antigo Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente, distribuídas en diferentes comunidades autónomas, ningunha en Galicia.

Non temos datos sobre as condicións climáticas e o tipo de incendio no que actuaron as brigadas de USA e do resto de España, pero podemos afirmar que o modelo de combustible 4 en Galicia acostuma ser toxo en zonas rasas ou baixo arboredo con moita densidade e de altura superior a un metro, cunha carga de combustible que pode chegar ata 50 tm/ha, moi superior ao mesmo modelo noutras partes de España, o que dificulta máis a transitabilidade polo perímetro do incendio e achega maior combustible á combustión. Aínda así, os rendementos das brigadas helitransportadas do Campiño son superiores; isto pode deberse, en parte, á maior eventualidade no seu posto dos integrantes das unidades de España e USA de referencia.

Tendo en conta a comparativa anterior podemos afirmar que **o rendimento das brigadas helitransportadas da Base do Campiño é óptimo.**

9.3. AVALIACIÓN DO ESTADO FÍSICO

Unha forma de avaliar o estado físico dos combatentes é facer as probas FICAR (Física para cuadrillas de actuación rápida). As probas fanse despois dun adestramento periódico previo en función das condicións físicas de cada persoa, para posteriormente facer este tipo de test periodicamente, mínimo unha vez ao mes.

Na seguinte táboa establécense os mínimos esixidos por exercicio e sexo.

TEST DE AVALIACIÓN DA FORMACIÓN FÍSICA							
FICAR	Peso corporal	Tracción de brazos	Flexión de brazos	Salto horizontal	Abdominais	Carreira 550 m	Carreira 2400 m
Homes	Comprobar máximo e mínimo segundo altura e sexo	4 repeticións	30	211 cm	44 repeticións	121 segundos	12:30 minutos
Mulleres		Manter tracción en 9 segundos	9	152 cm	41 repeticións	147 segundos	14:52 minutos

Outro tipo de proba é facer 5 km con mochila de 20 kg en 45 minutos a ritmo de marcha. Este tipo de proba ten que facerse fóra da Base, no monte, en días de baixo risco de incendio.

Na Base do Campiño faise todo este tipo de probas periodicamente para manter a aptitude física adecuada de todo o grupo e gárdanse os rexistros por persoa nunha aplicación. Como se viu na táboa de actividades, dedícase moito tempo á preparación física.

9.4. OUTROS RESULTADOS AVALIABLES

Un dato que cómpre ter en conta é alta demanda de visitas de escolares á Base na actualidade e tamén a demanda de visitas de integrantes da Base a centros escolares para facer talleres de educación ambiental. O resumo de datos aproximados nesta faceta é o seguinte:

PERÍODO 1998 - 2022	Media N° colexios ano	N° de alumnos/as ano	Total alumnos/as
	21	1.050	28.331

Debido á alta demanda, nos últimos anos, previos á covid-19, chegouse arredor de 3.000 alumnos/as ano.

10. LEXISLACIÓN E NORMATIVA RELACIONADA

En materia de persoal

- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- V Convenio único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

En materia de medios aéreos

- Anexo 1 á Circular operativa 16- B de aviación civil sobre limitacións do tempo de voo, máximos de actividade aérea e períodos mínimos de descanso para as tripulacións.
- Real decreto 750/2014, do 5 de setembro, polo que se regulan as actividades aéreas de loita contra os incendios e busca e salvamento, e se establecen os requisitos en materia de aeronavegabilidade e licenzas para outras actividades aeronáuticas.

En materia de incendios forestais

- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Texto consolidado.
- Orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.
- Orde do 16 de xuño de 2014 pola que se determina a época de perigo alto de incendios.

En materia de prevención de riscos laborais

- Lei 31/1995, do 8 novembro, de prevención de riscos laborais.
- Real decreto 39/1997, regulamento dos servizos de prevención.
- Real decreto 773/1997, polo que se regula as características dos lugares de traballo.

- Real decreto 485/1997, disposicións mínimas en canto á sinalización.
- Real decreto 614/2001, disposicións mínimas para a protección da saúde fronte ao risco eléctrico.
- Real decreto 1942/1993, regulamento de instalacións contra incendios.
- Real decreto 488/1997, disposicións mínimas en canto ás pantallas (PVD).

11. CONCLUSIÓNS

Na Base do Campiño considérase a profesionalidade como o pilar básico na loita contra os incendios. Dependendo do grao de profesionalidade dun recurso, dependerá así mesmo a súa eficacia e a valoración que del faga a sociedade.

Quen realmente apaga o lume é o capital humano que forma o contingente despregado para tal fin. O traballo que vai realizar este persoal é perigoso e complexo, por iso é necesario que estea o máis motivado posible. Iso conséguese dispoñendo dun centro de traballo cunhas infraestruturas axeitadas, equipamentos e ferramentas de calidade para executar o traballo, unha boa formación, unha carreira profesional que cree expectativas no traballador e unha remuneración acorde coas funcións, responsabilidade e riscos derivados da execución do proceso produtivo.

O traballo realizado polas unidades helitransportadas é de moi alto risco, non só na propia actuación derivada da extinción, senón que eses riscos xa se asumen dende o momento en que se mobilizan por vía aérea.

Os rexistros das táboas dos apartados anteriores referentes á estatística das actuacións en extinción, rendementos, realización de actividades en materia de prevención, etc. falan por si sós. O capital humano destinado na Base do Campiño é altamente cualificado polo alto grao de formación e pola dilatada experiencia profesional acumulada, e os seus resultados superan os obxectivos esixidos a este tipo de unidades. Malia o anterior, calquera tipo de organización ten marxe de mellora. Cos datos dispoñibles podemos deixar aquí unhas reflexións:

- Precísase aumentar a superficie de determinadas dependencias do edificio de persoal, pois entre o persoal de terra e helitransportado no verán chegan a estar destinadas na Base 52 persoas. No entanto, xa está en marcha a elaboración dun proxecto co obxectivo de aumentar as instalacións.
- Cada ano aumenta a idade media do capital humano e precísase sumar aos equipos persoas novas para baixar a media de idade e para transferir coñecementos dunhas xeracións a outras.
- Falta dunha axeitada carreira profesional, onde o persoal con experiencia e formación acreditada poida asumir co tempo maiores niveis de responsabilidade.
- Aumentar o tempo de traballo pasando de postos fixos – descontinuos a fixos de ano completo.
- Por outra banda, cabe preguntarse se a remuneración do persoal é acorde coas responsabilidades e riscos que asume e de se é valorado pola sociedade no seu conxunto.

En calquera caso, a Base do Campiño, polas actividades que se realizan e o nivel de execución destas polo seu capital humano, é moito máis que unha simple base aérea.

12. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA EMPREGADA

- *Manual de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza*. Xunta de Galicia, 2007.
- *Manual de Operacións Aéreas*. Xunta de Galicia. Última revisión 2012.
- *PLADIGA. Plan de defensa contra os incendios forestais de Galicia*. Xunta de Galicia, 2018.
- *La Defensa Contra incendios Forestales, fundamentos y experiencias*. Editorial Macgrawhill.
- www.mediorural.xunta.gal (páxina da Consellería do Medio Rural)
- www.mapama.gob.es (páxina oficial do antigo Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente).

Base
O Campiño
1998-2022

Distrito Forestal XIX
SPIF Pontevedra

ANEXOS
DO
PROCESO
PRODUTIVO



OBXECTO

Establecer un protocolo de actuación cando os membros da brigada teñen que operar conxuntamente co helicóptero de extinción.

DESCRIBIÓN

Unha brigada helitransportada chega a un incendio forestal onde teñen que operar conxuntamente cun helicóptero de extinción (polo xeral, o helicóptero destinado na súa propia base).

En adiante consideraremos xefe de brigada como (XB) e axente, técnico ou piloto como (HE).

PROCEDEMENTO

1. Unha vez en terra, o xefe de brigada (XB) (ou na súa ausencia aquel brigadista a quen se lle encomende), provisto con dúas emisoras, unha aérea e outra de terra, informa mediante esta última ao HE do punto onde se encontra a brigada. Se o incendio é grande ou non foi recoñecido correctamente antes da aterraxe, o XB solicítalle ao seu enlace no helicóptero (HE) información sobre o cuadrante no que se atopa a brigada. Posteriormente o XB contacta co xefe de extinción (en caso de habelo), e decídese a zona de ataque axeitada segundo as características do lume.
2. En caso de non ter instrucións por parte do director de extinción, entre o XB e o seu enlace no helicóptero (HE), polo xeral axente ou técnico, acordaranse as pautas que se van seguir, e comézase a actuar seguindo un modelo de valoración. Este pode ser:
 - Risco para persoas, animais ou bens.
 - Intensidade da cabeza. Se é posible facer un ataque directo á cabeza do incendio (onde máis forza ten o lume), débese priorizar esta sobre o resto do perímetro.
3. O XB indica ao seu equipo o punto exacto onde se vai comezar a actuar e que tipo de ataque se empregará.
4. Cando o helicóptero está nas proximidades do perímetro coa intención de facer unha descarga, o HE informará o XB para que este transmita a información ao resto dos brigadistas. Deseguido todos os traballadores se retirarán uns metros da liña perimetral co fin de evitar accidentes no momento da descarga, e facilitar deste xeito a execución da dita operación.

Unha vez feita a descarga, o XB informará o persoal do helicóptero da efectividade desta, e dará as pautas pertinentes para corrixila no caso de non ser totalmente satisfactoria.

O mesmo procedemento seguirase cando se traballe con outros medios aéreos.

Procurarase en todo momento utilizar a emisora de terra, deixando a emisora aérea libre para transmisións de coordinación entre aeronaves.

Rematada a extinción das lapas, unha vez que se dá por controlado o incendio, comezan as tarefas de liquidación. Debido a que este tipo de brigadas son unidades de actuación rápida, as tarefas de liquidación e raspado do perímetro son executadas polas brigadas de terra; este tipo de tarefas só se fan en caso de necesidade.

5. A brigada debe coñecer en todo momento a súa posición. Conforme evolucionan o traballo da brigada e a progresión do lume, é posible perder esta referencia, polo que en caso de que ocorra, o XB solicitará ao HE información sobre o cuadrante no que se atopa a brigada.
6. Finalmente, cando o xefe de extinción ou o responsable da brigada no helicóptero (HE) o consideren oportuno informarán o XB da retirada do equipo así como do punto de encontro onde van ser recollidos. Se este se atopa lonxe, farán as xestións necesarias para facer o traslado nun vehículo axeitado.

Nota: Para unha correcta comunicación entre a brigada e o helicóptero deberase coñecer a Ficha Operativa 7. Cuadrante de Posicionamento.

Fraseoloxía básica

A maiores da descrita na Ficha Operativa 7 sobre o Cuadrante de Posicionamento, podemos engadir:

- Solicitamos *POSICIÓN*: intentar concretar co HE a posición actual da brigada.
- *ADELANTA APERTURA*: indica que a última descarga non se solapou coa anterior e polo tanto esta debe comezar uns metros antes do inicio da última descarga.
- Descarga en *MISMO_PUNTO*: indica que a descarga anterior non foi suficiente e polo tanto esta debe iniciarse no mesmo lugar que a anterior.
- *RETRASA APERTURA*: emprégase cando as descargas son moi rápidas e quedan puntos quentes por detrás. Indica que a descarga debe ir a continuación da anterior, pero facendo un solapamento extra.
- Se queremos matizar ou corrixir as descargas podemos engadir:
 - *MÁS EN FOXTROT*: a descarga anterior desviouse cara ao queimado.
 - *MÁS EN SIERRA*: a descarga anterior desviouse cara á zona verde.
 - *CONCENTRA*: a descarga debe ser máis lenta para concentrar mellor o chorro. (Estas referencias son respecto do punto e o sentido da descarga anterior).
 - Exemplos: Descarga *MÁS EN SIERRA*; Descarga en *MISMO_PUNTO_CONCENTRADO*
- Descarga *A_DISCRECIÓN*: non temos prioridade de descargas e solicitamos que o HE valore o punto máis apropiado.

O Campiño, outubro 2018

NOTA: O IDIOMA OFICIAL NAS TRANSMISIÓNS AÉREAS SERÁ O CASTELÁN



OBXECTO

Establecer un protocolo de actuación cando os membros dunha brigada teñen que operar conxuntamente cunha motobomba

DESCRIPCIÓN

Unha brigada, formada por un xefe de brigada e catro brigadistas, chega a un incendio forestal onde lle poñen á súa disposición unha motobomba. O responsable da brigada considera que se vai actuar unicamente con manguera e dá as instrucións pertinentes para que os brigadistas se preparen para este tipo de manobra (deixar a un lado as ferramentas manuais, axustar os EPI, etc.).

En adiante consideramos os brigadistas polas nomenclaturas (B1), (B2) ...

PROCEDEMENTO

Avance rápido:

1. O xefe de brigada (ou na súa ausencia (B2)), xunto co condutor do camiión seleccionarán a posición máis axeitada para a colocación da motobomba. Primará por riba de todo a seguridade e buscarase sempre unha posible vía de escape. O responsable da brigada (ou B2) solicitará ao condutor información sobre a presión máxima soportada pola bomba, o remanente de auga de que dispón, o seu indicativo e a canle de comunicación.
2. O condutor entregará á brigada dous tramos de manguera (normalmente de 25 mm de diámetro), collerá unha boquilla e disporá o necesario para dar presión de auga no momento en que se lle solicite. Neste punto é importante que B2 advirta (acentuando a importancia) o condutor de que vai establecer comunicación con el a través da emisora portátil.
3. O membro da brigada que vai ir en punta de lanza (B1) situarase a carón do camiión, e no mesmo lado por onde vai avanzar collerá un dos tramos da manguera e, axudado por outro brigadista (B3), disporanse a estiralala evitando en todo momento que se formen cóbados ou nós. Ao mesmo tempo, outro membro do equipo (B2) (quen vai ir de axudante dous metros por detrás da punta de lanza) collerá o outro tramo, situarase preto do camiión, pero no outro lateral, e disporase a facer o mesmo axudado doutro compañeiro (B4).
4. O brigadista a punta de lanza (B1) solicitará ao condutor da motobomba a boquilla, colocaraa nun extremo da manguera e desprazarase ao flanco no que se vai actuar. O seu axudante (B2) daralle o seu extremo de manguera ao condutor para que este a conecte no camiión e desprazarase detrás da punta de lanza. Os outros dous compañeiros, (B3) e (B4), conectarán os seus respectivos tramos, deste xeito rematarán a preparación para a actuación, e posteriormente axudarán os seus compañeiros no tendido destes dous tramos iniciais.

Durante a despregadura (B2) irá informando o responsable da motobomba de que prepare os tramos de manguera que se consideren necesarios. Para o transporte destes non se superará un máximo de dous tramos por brigadista.

5. No caso de haber máis brigadistas (B5) (B6), etc. (expectantes ata o de agora), manteranse á espera de que o responsable da motobomba lles subministre tramos de manguera para posteriormente levarllos aos compañeiros de cabeza. Estes serán os primeiros en facer este transporte, mentres os seus compañeiros, (B3) e (B4), axudarán a estirar os dous primeiros tramos.

Con todo isto chegamos á seguinte configuración: dous brigadistas en punta de lanza e outros dous (ou máis) fornecendo a cabeza con tramos de manguera.

A medida que os brigadistas encargados do transporte da manguera van chegando aos seus respectivos puntos de empalme, permanecerán nese racor ata o momento de proceder coa recollida da manga, momento no que cada brigadista realizará a pregadura e transporte dos mesmos tramos que despregou.

6. A progresión dos membros de cabeza farase de forma rápida e segura, sen deixar puntos quentes e mantendo especial atención á retagarda. Procurarase que o chorro de auga chegue á base da chama, e deixarse unha liña de paso o suficientemente fría como para que non se queime a manguera e non se emita radiación prexudicial para o tránsito dos brigadistas.
7. O auxiliar da punta de lanza (B2), provisto dunha emisora de terra e sintonizada na canle da motobomba, informará o responsable desta das variacións de presión axeitadas, dos cortes necesarios cando se realicen empalmes, así como información referente ao nivel de auga, tramos de que dispón, etc.

Os tramos acoplaranse de un en un facilitando deste xeito o seu manexo. Se a zona é fácil de transitar, pódense facer de dous en dous pero nunca de máis.

O empalme debe facerse no penúltimo tramo, aínda que as brigadas expertas poden facelo no último cando o consideren oportuno.

Todos os membros da brigada estarán instruídos nas distintas funcións, non obstante, en lumes complicados sempre deben ir en cabeza de lanza os brigadistas máis experimentados.

Antes de comezar a actuar, cada membro da brigada debe coñecer cal vai ser a súa función, deste xeito evítanse actuacións torpes e descoordinadas.

O avance na extinción farase o máis axiña posible, pero nunca deixando focos quentes que poidan reproducirse durante este proceso. Actuarase rápido pero primando a seguridade en todos os aspectos.

Unha vez estean sufocadas as lapas, é o momento de asegurar o perímetro do incendio e liquidalo definitivamente.

Liquidación:

Empezando dende a punta de lanza e retrocedendo cara á motobomba procederase como segue:

Coa boquilla emitindo un chorro de auga, entre pulverizado e continuo, varrerase o perímetro do incendio cun grosor de liña duns dous metros empezando dende o verde cara ao queimado. Seguidamente, con chorro continuo incidirase na liña perimetral co fin de facer un corte ata o solo mineral, deste xeito conseguirase que non exista contacto incandescente entre os elementos queimados e os verdes.

Observaranse os elementos verticais e evítase que por riba do noso horizonte queden restos incandescentes que se poidan desprender ao chan e provocar un punto secundario.

Os membros da brigada encargados de transportar os tramos irano facendo a medida que estes queden libres ao retroceder no proceso de liquidación.

Para iso, unha vez que se desacopla un tramo, este estírase en posición vertical, e empezando polo extremo situado máis arriba procederase ao seu enrolado. Este pode ser de varias formas (normalmente por razóns de tempo farase tipo lazo), pero sempre se disporá de xeito que a auga que quede dentro da manga se baleire completamente a medida que se procede.

Unha vez rematado con todos os tramos devolveráselle a boquilla ao responsable do coche-bomba e disporase a brigada para unha nova operación.

Procedemento de ataque por brigadista:

Responsable da motobomba:

- Consulta co xefe da brigada (ou na súa ausencia, B2) sobre a posición máis axeitada para situar o camión, e informe a este sobre as características operativas da motobomba e o remanente de auga.
- Establece xunto co xefe da brigada cal vai ser o seu indicativo e a súa canle de comunicación.
- Subministra aos compoñentes da brigada dous tramos de manguera e unha boquilla.
- Dispón o necesario para dar presión de auga no momento en que llo soliciten. Manterase á escoita en todo momento pola canle establecida.
- Seguirá subministrando manguera a medida que se lle solicite, dando prioridade ás indicacións dos brigadistas en punta de lanza.

Brigadista 1 (punta de lanza):

- Colle o primeiro dos tramos da manguera subministrados polo responsable da motobomba, inicia o seu desenrolo axudado polo brigadista 3, seguidamente conecta a boquilla nun dos extremos, solicita (ou non) presión e procede cara á fronte da chama.
- Informará o seu compañeiro (dous metros por detrás) das súas necesidades, co fin de que este o comunique a quen corresponda. No caso de que o xefe de brigada estea en punta de lanza, será este o responsable das comunicacións.
- A medida que avanza na tarefa de sufocación prestará atención á retagarda, deste xeito evítanse reproducións e, ao mesmo tempo, se é necesario, arrefriarase unha liña suficiente pola que a manguera poida discorrer sen perigo de queimarse.

Brigadista 2 (segundo en punta de lanza):

- Establece xunto co responsable da motobomba a posición máis axeitada para situar o camión e pide información sobre as características operativas da motobomba e o remanente de auga.
- Establece xunto co condutor cal vai ser o seu indicativo e a súa canle de comunicación.
- Colle o segundo dos tramos da manguera iniciais e axudado polo brigadista 4 comeza o desenrolo dándolle un dos extremos ao responsable da motobomba para que este o conecte ao racor correspondente do camión.
- Procede co brigadista 1 cara á fronte da chama. Irá provisto como mínimo dunha emisora de terra facendo de enlace entre a punta de lanza e o resto do persoal que opera no incendio.
- A medida que se avanza na tarefa de sufocación prestará atención á retagarda informando o seu compañeiro de posibles anomalías.

Brigadistas 3 e 4:

- Axudan os brigadistas 1 e 2, respectivamente, a desenrolar completamente os tramos iniciais, e conectarán os racores que correspondan asegurando a continuidade da manguera e garantirán de que esta quede conectada ao camiión. No caso de haber máis de 4 brigadistas, serán os últimos en abandonar esta posición.
- Mantéñense á espera de que se lles proporcionen máis tramos de manga co fin de levalos a punta de lanza segundo sexan necesarios.
- Conforme avanza cara á fronte da chama evitarán pisar o tendido, prestarán especial atención aos racores e axudarán no que sexa necesario para evitar obstrucións ou enganches.

Brigadistas 5, 6, 7, etc.:

- Unha vez que os brigadistas de punta de lanza avanza co primeiro tramo, estes serán os primeiros en transportar tramos de manguera.
- Procurarán entorpecer o menos posible o traballo dos brigadistas 3 e 4 e conforme avanza cara á fronte da chama evitarán pisar o tendido, prestarán especial atención aos racores e axudarán no que sexa necesario para evitar obstrucións ou enganches.

(O Campiño, outubro 2018)

Base
O Campiño
1998-2022

Distrito Forestal XIX
SPIF Pontevedra

Antes de comezar a manobra, cada brigadista debe coñecer o número que representa.

Ningún brigadista subirá ou manipulará o factor camión ou motobomba.

Antes de comezar os labores de extinción, o brigadista B2 debe coñecer o indicativo do responsable do camión e a súa canle de comunicación, o remanente de auga e a presión dispoñible, así como calquera outra incidencia que se poida dar.



Paso 1: PREPARACIÓN

Responsable motobomba: ofrece os tramos do tendido e conecta o racor correspondente no camión. Informa dos parámetros que lle soliciten. Mantén a comunicación coa brigada.

B1: posicionárase no lado por onde vai avanzar e comeza o desenrolo do primeiro tramo. Solicita unha boquilla e conéctaa ao racor de cabeza. Inicia o avance cara á fronte da chama.



B2: inicia o desenrolo do segundo tramo. Conecta o racor ao camión ou pásallo ao responsable deste para que o conecte. Será o responsable das comunicacións cando en cabeza o XB estea ausente.



B3: axuda o B1 a desenrolar o primeiro tramo e finaliza a manobra conectando o seu racor libre co de B4



B4: axuda o B2 a desenrolar o segundo tramo e finaliza a manobra conectando o seu racor libre co de B3



Os restantes brigadistas: manteranse apartados para non entorpecer o traballo dos seus compañeiros. Serán os primeiros en transportar a manguera mentres B3 e B4 finalizan o tendido dos tramos iniciais.

Entre B1 e B2 ten que haber como mínimo unha separación de 2 metros e unha lonxitude de manguera de 3.



B5 e B6 comezan o transporte da manguera entre a motobomba e os compoñentes de cabeza. Como norma xeral, cada compoñente levará como máximo dous tramos de manguera. A medida que avanzan comprobarán que o tendido non ten problemas.

Paso 2: TENDIDO

Responsable motobomba: manterá informada a brigada daquelas incidencias que poidan afectar a sumministración de auga. Dispón as mangueras para que os brigadistas as poidan manipular de xeito seguro.



B3 e B4 axudan a rematar a operación de tendido dos dous primeiros tramos e posteriormente transportan a manguera ata a cabeza. Como norma xeral, cada compoñente levará como máximo dous tramos de manguera. A medida que avanzan comprobarán que o tendido non ten problemas.

Con manguera de 25 (mm), un caudal de 100 (l/min.) e unha presión en punta de 7 (bar), estímase unha perda de presión por rozamento de 2 (bar) por cada 25 (m) de lonxitude.

Así mesmo en altura prodúcese unha variación de presión de 1 (bar) por cada 10 (m) de desnivel.

Equivalencias aproximadas: 1 (atm) >< 1 (bar) >< 1 (Kp/cm2) >< 10000 (Kp/m2) >< 14.6 (psi) >< 760 (mmHg) >< 101300 (Pa).

Ficha Operativa 07
CUADRANTE DE POSICIONAMENTO E PERÍMETRO DE
ACTUACIÓN (HELICÓPTERO – BRIGADA)



Base
O Campiño
1998-2022

Distrito Forestal XIX
SPIF Pontevedra

OBXECTO

Localizar a posición das brigadas e do resto dos factores actuantes no control dun incendio forestal, cando é difícil facelo, apoiándose noutras referencias.

No caso de brigadas helitransportadas, acostumadas a traballar en localizacións descoñecidas para os seus integrantes, este método é fundamental para a efectividade e seguridade das manobras de extinción.

DESCRIBIÓN

O helicóptero coa brigada a bordo aproxímase a un incendio. A medida que se achega, o axente ou técnico conforman, xunto coa brigada e a tripulación, as manobras de extinción.

PROCEDEMENTO

Antes do desembarco da brigada:


1. Recoñecer o lume, localizando perigos potenciais e rutas de escape.
2. Memorizar o perímetro actual do incendio así como a topografía do terreo.
3. Intuír a futura progresión do lume, así como o tempo estimado para o seu control.
4. Sectorizar mentalmente o lume actual conforme a grella descrita e buscar puntos de referencia que nos axuden neste cometido (construcións, ríos, plantacións, etc.).
5. Propoñer o ataque e situalo sobre os sectores a que correspondan.
6. Identificar dous sectores estratéxicos: onde se vai facer o desembarco e onde se vai empezar a traballar.

Despois do desembarco da brigada:

1. Recoñecer a grella dende a nova perspectiva. Posicionarse mentalmente e recordar os puntos estratéxicos previamente localizados (perigos potenciais, rutas de escape, ríos, vivendas...).
2. Proceder coas manobras de extinción mantendo en todo momento unha comunicación clara, curta e concisa e empregando unha linguaxe técnica. Cando sexa necesario e as comunicacións non estean saturadas, entre o helicóptero e a brigada actualizaranse novas posicións.

Como norma xeral, cando sexa necesario efectuar descargas dende medios aéreos, faranse de cola a cabeza intentando solapalas, e deste xeito asegurase a continuidade dunha liña fría.

(O Campiño, outubro 2018)



EXEMPLOS DE COMUNICACIÓN SOBRE POSICIÓN E DESCARGAS:
 (NOTA: O IDIOMA OFICIAL NAS TRANSMISIÓN AÉREAS SERÁ O CASTELÁN)

- SOBRE CHAMA: SIERRA_3_A_4 (ou tamén) SIERRA_COLA_3_A_4
- SOBRE CHAMA: SIERRA_5
- SOBRE VERDE: CUADRANTE_1_SECUNDARIO_FOXTROT_6
- SOBRE VERDE: CUADRANTE_6_SECUNDARIO_2_FOXTROT_1
- SOBRE CHAMA: SIERRA 2 A 1
- SOBRE VERDE: FOXTROT_6
- MARCAR POSICIÓN: CUADRANTE_3_FOXTROT

COMO NORMA XERAL, PRIMEIRO DEBERASE LOCALIZAR A POSICIÓN DA BRIGADA E DESPOIS FACER AS DESCARGAS DE COLA A CABEZA SEN DEIXAR POR DETRÁS PUNTOS QUENTES, É DICIR, SOLAPANDO AS DESCARGAS DE FORMA QUE SE GARANTA A CONTINUIDADE DA ZONA FRÍA.

Ficha Operativa 12
PROTOCOLO DE OPERACIÓN E TRANSPORTE DE
MOTOBOMBAS PORTÁTILES NO HELICÓPTERO



Base
O Campiño
1998-2022

Distrito Forestal XIX
SPIF Pontevedra

OBXECTO

Establecer un protocolo de actuación cando os membros dunha brigada teñen que operar con bombas portátiles en zonas sen motobombas como as Illas Atlánticas.

DESCRICIÓN

Na Base é requirido o transporte e uso das bombas portátiles nas Illas Atlánticas ou outro lugar inaccesible.

As dúas bombas cos correspondentes apeiros e tramos de manguera son cargadas no helicóptero e transportadas alí onde son necesarias. Coas bombas poden ir ata sete bombeiros forestais (Bell 412). En todo caso, para subir e baixar as bombas, mangueras, etc., de forma segura, serán necesarias polo menos cinco persoas (4 bombeiros e 1 xefe de brigada)

O material estibarase no helicóptero tal e como se amosa nas imaxes:




Repregar dous asentos para a bomba grande e fixar con cinchas nas argolas do chan. A bomba pequena e mangotes van no portaferramentas (compartimento lateral traseiro esquerdo). As mangueras e lanzas van no compartimento lateral traseiro dereito, levantando os asentos.

PROCEDEMENTO DE TRABALLO COAS BOMBAS

Bomba grande de 13,6 cv


1. Serán necesarias polo menos catro persoas para o transporte.
2. Unha vez situada preto do punto de abastecemento (regato, río, mar, etc.), procederase ao cebado desta, para o cal haberá que encher de auga o mangote de aspiración e a propia bomba, sumerxindo o mangote na auga se é factible e colocándolle a válvula de pé para que non escape a auga. Completarase o cebado cun caldeiro ou similar, de xeito manual se non hai outra opción. É moi importante que non quede aire no circuíto entre a bomba e o punto de abastecemento, ou non se producirá a succión.

3. Unha vez cebada a bomba, aseguramos a liña de saída cunha bifurcación reductora de 45 a 25 e conectamos as mangueras necesarias asegurando ter polo menos unha das saídas co paso de auga aberto.
4. Agora procederese ao acendido da bomba, para o cal comprobaremos que ten combustible, que o paso da gasolina está aberto e a chave en posición "On". Abriremos o aire a demanda e tiramos do cabo de arranque. Comprobamos que succiona ben a auga, de non ser así, hai que repetir o cebado. Co acelerador controlamos a presión que necesitamos.



Bomba pequena de 2,17cv

1. Poderá ser transportada por unha persoa.
2. Unha vez situada preto do punto de abastecemento (regato, río, mar, etc.), procederese coa conexión do tendido (mangote de alimentación con válvula de pé e saída con bifurcación de 45 a 25 e demais tramos).
3. Esta bomba non é necesario cebala aínda que si aconsellable.
4. Agora procederese ao acendido da bomba, para o cal comprobaremos que ten combustible, que o paso de gasolina está aberto e a chave en posición "On". Abriremos o aire a demanda e tiramos do cabo de arranque. Comprobamos que succiona ben a auga, de non ser así hai que cebala. Co acelerador controlamos a presión que necesitamos.



CONSIDERACIÓNS

1. As bombas funcionan con GASOLINA **SEN** MESTURA, que no helicóptero irán en recipientes especiais.
2. As bombas deben transportarse sen combustible no depósito.
3. En caso de ter que subministrar auga unha a outra, a grande subministrará á pequena con coidado de non sobrealimentala ou descargará nun punto intermedio do que se alimentará a bomba pequena.
4. Para meter a bomba pequena e os mangotes no compartimento, será necesario sacar a ferramenta de corte e mochilas. Os batelumes pasarán para debaixo da outra fila de asentos ou retiraranse.

PROCEDIMENTO DE TRANSPORTE

Será necesario o transporte das bombas propiamente ditas e os seus apeiros. Para facilitar este transporte as pezas pequenas irán nunha mochila. O contido da mochila deberá ser verificado antes de subila no helicóptero e deberá conter o seguinte material.

LISTAXE DE COMPROBACIÓN:



✓ MOCHILA



✓ 2 BIFURCACIONES Ø45 CON SAÍDAS DE Ø25




✓ 2 LANZAS Ø25 (LANZA CON REGULACIÓN DE CAUDAL E LANZA AUXILIAR)



✓ 1 SUCCIONADOR DE COMBUSTIBLE



✓ 2 CINCHAS DE SUXEICIÓN



✓ 1 REDE DE SEGURIDADE

ADEMAIS COMPROBARASE O SEGUINTE MATERIAL:



✓ 2 REDUCIÓNS DE Ø45 A Ø25 QUE XA ESTARÁN POSTAS NAS BOMBAS




✓ 2 MANGOTES DE SUCCIÓN (1 DE CADA BOMBA)



✓ 1 CAIXA PORTACOMBUSTIBLE E BOTELLAS CORRESPONDENTES



✓ 1 GARRAFA PARA AUGA PARA CEBAR AS BOMBAS



✓ 30 MANGUEIRAS DE Ø25 E 2 DE Ø45

O Campiño

Base
1998-2022

Distrito Forestal XIX
SPIF Pontevedra

TÁBOA DE TEMPOS E DISTANCIAS ÁS ILLAS DO PARQUE ATLÁNTICO DENDE A BASE DO CAMPIÑO

ILLAS	DISTANCIA (km)	TEMPO (MINUTOS)*
SÁLVORA	36	15
CORTEGADA	28	13
ONS	29	13
CÍES	36	15
TAMBO	11	7

*TEMPO DE FERRI INCLUÍDO CALZOS

**TEMPO DE CARGA DO MATERIAL APROX. 15 MINUTOS (6 persoas)

Co material estibado, o número máximo de pasaxeiros que pode transportar o helicóptero redúcese a sete.

SITUACIÓNS POSIBLES:

1. ORDE DE SAÍDA DA BASE COAS BOMBAS A UNHA ILLA:

1. A brigada enteira participa na carga e estiba do material no helicóptero.
2. A tripulación arranca a máquina e soben o máximo número de compoñentes co responsable da brigada (ata sete). Se houber máis de sete compoñentes, terán prioridade no embarque os bombeiros de 9 meses, o resto completárase a criterio do responsable. Poderán acceder á zona de traballo en posteriores recargas.
3. Parte o helicóptero cara á zona de actuación. No destino procederáse ao desembarque das bombas e demais apeiros para traballar con eles.


2. REGRESO Á BASE PARA TRASLADAR AS BOMBAS A UNHA ILLA ONDE XA ESTÁ A BRIGADA:

1. A brigada participa na descarga das ferramentas do helicóptero (quedan na illa).
2. Embarcan no helicóptero polo menos catro bombeiros e un responsable da brigada, que virán á Base para cargar as bombas e demais apeiros. Na illa quedarían o resto dos compoñentes cun equipo de comunicación e un segundo responsable. Nunca quedará un compoñente só.
3. Na Base procederáse á estiba do material no helicóptero mentres recarga combustible e cumpre o tempo de descanso correspondente.
4. Engala o helicóptero co mesmo persoal e as bombas. No destino traballará a brigada xunta, se fose posible.


*EN TODOS OS CASOS, TERASE EN CONTA QUE O TEMPO ESTIMADO DE RECOLLIDA DUN TRAMO DE MANGUEIRA DESPREGADA É DE 2 MINUTOS.

O Campiño, outubro 2018

PLAN DE
EMERXENCIA




INCENDIO NO EDIFICIO DE OFICINAS




INCENDIO NO EDIFICIO DE PERSOAL

Base
O Campiño
1998-2022

Distrito Forestal XIX
SPIF Pontevedra




AMEAZA DE INCENDIO NO EXTERIOR E PRÓXIMO Á BASE



ATERRAXE FORZOSA GRAVE

Base
O Campiño
1998-2022

Distrito Forestal XIX
SPIF Pontevedra



Base O Campiño 1998-2022

Distrito **Forestal XIX**
SPIF Pontevedra

EMERXENCIA MÉDICA

Recomendacións no caso de que se produza unha emerxencia médica no interior da Base:

- Colocar nunha zona visible unha folla cos números de teléfono dos servizos de emerxencia, así como os do CCD e CCP, e informar os traballadores da súa localización.
- Avaliar o accidentado (enfermo) con tranquilidade e evitar que aumente o seu nerviosismo no caso de que se atope consciente.
- Informar os servizos de urxencia das características do accidentado co fin de que estean preparados para a súa recepción.
- Non mover nunca o accidentado (enfermo), a menos que sexa necesario ou polas características do problema conveña movelo.
- Non aplicar aquelas medidas de primeiros auxilios que poden producir un dano ao lesionado, salvo que se saiban aplicar e non quede outra solución.
- Todos os traballadores da Base han de estar adestrados na aplicación de primeiros auxilios.
- Manter informado o CCD dos acontecementos.

EMERXENCIA DE INCENDIO

Recomendacións no caso de que se produza unha emerxencia de incendio:

- Colocar nunha zona visible dos edificios de persoal e oficinas unha folla cos números de teléfono dos servizos de emerxencia, así como os do CCD e CCP, e informar os traballadores da súa localización.
- Os traballadores han de coñecer as canles de comunicación mediante a emisora de terra co CCD e CCP, coa finalidade de informar dos acontecementos en caso de fallo da comunicación telefónica.
- No caso de que existan vítimas, estas han de ser a prioridade, e actuarase como se especifica no caso dunha emerxencia médica.
- Avaliar a situación con tranquilidade e evitar que aumente o nerviosismo.
- Informar os servizos de urxencia das características do incendio.
- Todos os traballadores da Base han de estar adestrados na extinción básica de incendios (manexo de extintores e lanzas de auga).
- Manter informado o CCD dos acontecementos.

Base
O Campiño
1998-2022

Distrito Forestal XIX
SPIF Pontevedra

EMERXENCIA POR ACCIDENTE GRAVE DA AERONAVE

Recomendacións no caso de que se produza unha emerxencia por accidente grave da aeronave:

- Colocar nunha zona visible do edificio de persoal e oficinas unha folla cos números de teléfono dos servizos de emerxencia, así como os do CCD e CCP, e informar os traballadores da súa localización.
- Os traballadores han de coñecer as canles de comunicación mediante a emisora de terra co CCD e CCP, coa finalidade de informar dos acontecementos en caso de fallo da comunicación telefónica.
- Antes da aterraxe, o persoal ha de estar fóra dos edificios e da plataforma de helicópteros, sempre mantendo contacto visual coa aeronave e repasando as medidas que cómpre adoptar no momento en que se produza a aterraxe.
- No caso de que existan vítimas, estas han de ser a prioridade, e actuarase como se especifica no caso dunha emerxencia médica.
- Avaliar a situación con tranquilidade e evitar que aumente o nerviosismo.
- Informar os servizos de urxencia das características do incendio.
- Todos os traballadores da Base han de estar adestrados na extinción básica de incendios (manexo de extintores e lanzas de auga). Prestarase especial atención á extinción de combustibles líquidos.
- Manter informado o CCD dos acontecementos.

ÁLBUM
FOTOGRAFICO

CONSTRUCCIÓN DA BASE DO CAMPIÑO

Tanto no seu deseño coma na fase de construción, a Base do Campiño foi concibida como un dos elementos básicos nos que se apoia a prevención e defensa contra os incendios forestais na provincia de Pontevedra.

A súa posición estratéxica, na zona central da provincia, en pleno corazón das Rías Baixas e próxima a calquera das illas que conforman o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, fai que sexa o principal centro de recursos humanos e materiais da provincia, dende dar resposta aos incendios en calquera época do ano ata servir de centro de formación, educación e sensibilización.

Agás determinadas unidades de obra, como explanacións e explosivos, a construción foi realizada polo propio persoal do SDCIF, o que lle confire a maiores un valor especial.

Directores de obra

- D. Pedro López Benítez. Enxeñeiro forestal
- D. Fernando Castro Hernández. Enxeñeiro forestal
- D. Julio Bernardo Gómez. Arquitecto

Xefe de obra

- D. Xosé Bieito Rodríguez Carballo. Axente ambiental

Base
O Campiño
1998-2022



CONSTRUCCIÓN DA BASE DO CAMPIÑO

Districto Forestal XIX SPIF Pontevedra

Base O Campiño 1998-2022

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

CONSTRUCCIÓN DA BASE DO CAMPIÑO



INAUGURACIÓN

Os traballos de construción da Base do Campiño iniciáronse a finais de setembro de 1997. O edificio principal, destinado ao persoal e construído integramente con persoal propio do SDCIF, que ademais tivo que atender a vaga de lumes sufrida na precampaña do ano 1998, iniciouse o 15 de abril de 1998 e estivo totalmente rematado o 15 de xullo dese mesmo ano, aínda que a Base xa estivo operativa con servizo de helicóptero dende o 1 de xullo.

A Base foi inaugurada oficialmente polo conselleiro de Medio Ambiente D. Carlos del Álamo Jiménez, o 12 de agosto de 1998, cando era director xeral de Montes, D. Tomás Fernández-Couto Juanas, delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente, D. José Luis Díaz Yáñez, e xefe do SPDCIF de Pontevedra, D. Manuel Francisco Gutiérrez.

Dende a súa inauguración esta Base converteuse nun centro de referencia para a defensa contra os incendios forestais de Galicia, ademais foi visitada por técnicos e expertos na materia procedentes de diferentes países de Europa e Sudamérica, así como doutras comunidades autónomas do Estado español, interesados no seu funcionamento.



Base O Campiño 1998-2022

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra



INAUGURACIÓN

A BASE DO CAMPIÑO COMO HOSPITAL PARA AVES PETROLEADAS (PRESTIGE)

Tras o afundimento do petroleiro Prestige fronte ás costas galegas no outono de 2002, a fauna mariña viuse seriamente ameazada e presumíase que unha gran cantidade de aves fosen afectadas polo fuel, circunstancia que desbordaría de sobra a capacidade dos centros de recuperación de fauna galegos.

Ante tal desgraza precisábase con urxencia dunha instalación de dimensións mínimas, próxima á costa, ben comunicada e con boa subministración de auga. En consecuencia, os técnicos do Servizo de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia deciden establecer o hospital de aves petroleadas na Base do Campiño, e así este centro pasou a depender temporalmente do SECONA, en coordinación co SPDCIF.

O 20 de novembro de 2002 iniciáronse os preparativos para transformar a Base no hospital de aves petroleadas de Galicia. Con tal motivo estiveron traballando neste centro voluntarios e técnicos especialistas na materia dos cinco continentes.

En abril de 2003, superada a urxencia provocada polo buque Prestige e tras os labores de reparación pertinentes, a Base volvía estar operativa para a loita contra os incendios forestais.

A BASE DO CAMPIÑO COMO HOSPITAL
PARA AVES PETROLEADAS (PRESTIGE)

Distrito Forestal XIX S P I F Pontevedra



Centro de Recuperación de Aves Petroleadas

PREMIO "BATEFUEGOS DE ORO"

A particularidade do procedemento de construción da Base, así como a contribución á concienciación dos cativos que acoden a ela dende diferentes colexios, o sistema de traballo implantado, en fin, o fornecido "espírito da Base do Campiño", provocou que na edición do ano 2005 fose galardoado o persoal alí destinado co "Batefuegos de Oro" na categoría do mellor labor de extinción.

Tal distinción foi froito dunha proposta do entón xefe provincial do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais, D. Enrique Martínez Chamorro, sendo xefe do distrito Forestal XIX, D. Pedro López Benítez, e mais os apoios á candidatura por parte de concellos, comunidades de montes, escolas profesionais e universitarias, colexios públicos e privados de ensinanza, profesionais da aviación civil, agrupacións de protección civil e outras persoas a título particular.

O dito premio, organizado pola Asociación para a Promoción de Actividades Socioculturais (APAS) e patrocinado, entre outros organismos, polos ministerios de Cultura e Medio Ambiente, é o maior recoñecemento no ámbito estatal aos labores de prevención e defensa contra os incendios forestais.

O acto de entrega foi celebrado o día 24 de novembro en Madrid.



PREMIO "BATEFUEGOS DE ORO"

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

INTERCAMBIO PROFESIONAL CON BOMBEIROS DE POLONIA

Na década dos anos 2000 a empresa operadora dos helicópteros da Base do Campiño era Heliseco, con sede en Swidnik, provincia de Lublin, Polonia. O modelo de helicóptero co que se traballaba era PZL-Sókol, fabricado integramente na cidade referida e pilotado polas tripulacións polacas de Heliseco e PZL.

Estes profesionais polacos tiveron a oportunidade de compartir durante varios anos o sistema de traballo empregado en Galicia, ao que aluden como un dos máis efectivos dos que teñen constancia na extinción dos incendios forestais.

Esa inqueda por un traballo ben feito, nunha das zonas europeas con maior número de lumes anuais, foi transmitida aos seus compañeiros bombeiros en Polonia, e espertou neles a posibilidade de facer un intercambio coa brigada helitransportada e coñecer de primeira man as técnicas de ataque e a loxística empregada.

Esa circunstancia motivou que as autoridades polacas da provincia de Lublin solicitasen un intercambio profesional, que foi posto en coñecemento das autoridades galegas, e que recibiron a idea con interese e autorizaron para a súa posta en práctica.

Unha vez recibido o premio “Batefuegos de Oro” en Madrid, desprazouse a Polonia unha delegación da Base do Campiño composta por oito membros, que entre os días 25 de novembro e 6 de decembro de 2005 visitaron varios lugares de Polonia, se entrevistaron con diferentes autoridades e interactuaron cos profesionais que se dedican á loita contra os incendios nese país.



INTERCAMBIO PROFESIONAL CON BOMBEIROS DE POLONIA

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

Base O Campiño 1998-2022

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

INTERCAMBIO PROFESIONAL CON BOMBEIROS DE POLONIA



AUTORIDADES POLACAS VISITAN GALICIA (O CAMPIÑO)

Tras a visita realizada a Polonia polos profesionais da Base do Campiño, autoridades e bombeiros polacos visitaron Galicia entre os días 16 e 28 de xuño de 2006.

A viaxe centrouse en visitas a lugares das provincias da Coruña e Pontevedra, así como do norte de Portugal.

Os percorridos fixéronse polas principais cidades e lugares turísticos e por espazos naturais protexidos, e foron recibidos polas diferentes autoridades, tanto a nivel local coma autonómico.

De xeito especial, os invitados interactuaron con profesionais galegos da loita contra os incendios forestais e visitaron diferentes centros de defensa e os parques de bombeiros das cidades e determinadas sedes de protección civil.



AUTORIDADES POLACAS VISITAN GALICIA (O CAMPIÑO)

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

LUMES DE 2006 EN GALICIA

No verán de 2006 Galicia sufriu unha das peores vagas de lumes da súa historia.

A mediados do mes de agosto dese ano, na Base do Campiño constituíuse o posto de mando avanzado para o control dos incendios que asolaban as localidades da Lama, Cotobade, Pontecaldelas e Pontevedra.

O problema foi de tal magnitude que o presidente do Goberno do Estado interrompeu as súas vacacións para trasladarse a Galicia e comprobar *in situ* os incendios activos, as zonas afectadas, os traballos de extinción que se estaban realizando e a xestión de maiores medios de apoio.

Neses días o traballo na Base do Campiño foi frenético, ao tempo de ser visitada polas maiores autoridades autonómicas e do Estado.

Podemos destacar, entre outras, a do presidente do Goberno, o presidente da Xunta de Galicia, a ministra de Medio Ambiente, o conselleiro do Medio Rural e o xefe do Estado Maior da Defensa.



LUMES DE 2006 EN GALICIA

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

Base O Campiño 1998-2022

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

LUMES DE 2006 EN GALICIA



Base
O Campiño
1998-2022



LUMES DE 2006 EN GALICIA

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

ENTREGA DA BANDEIRA DA CIDADE DE PONTEVEDRA

A Base do Campiño está construída nunha parcela do polígono industrial do Campiño, cuxa propiedade é do Concello de Pontevedra.

Dende a alcaldía desta entidade local mostrouse interese polos recursos alí destinados e o traballo desenvolvido.

A notoriedade pública dos galardóns acadados e do labor social desempeñado motivou que dende a alcaldía de Pontevedra, na primavera do ano 2007, se entregase a bandeira da cidade a esta Base nun acto público presidido polo señor alcalde D. Miguel Anxo Fernández Lores.



ENTREGA DA BANDEIRA DA CIDADE DE PONTEVEDRA

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

PARTICIPACIÓN NA EUROPOLYB

A maioría dos integrantes desta unidade son practicantes habituais dalgún tipo de disciplina deportiva.

No ano 2008 celebrouse en Pontevedra a Europolyb (xogos europeos de policía e bombeiros) reunindo na cidade a 2300 deportistas de varias comunidades autónomas e once países.

As competicións deportivas complementábanse con charlas e conferencias de carácter profesional.

Os integrantes da Base do Campiño non quixeron perder a oportunidade de participar, polo que tiveron que organizarse entre todos os membros da brigada para poder compaxinar os diferentes eventos atléticos e didácticos coa extinción dos lumes forestais que afectaron Galicia neses días.

As disciplinas nas que participaron foron: fútbol sete, fútbol sala, ping-pong, pádel e tenis.



PARTICIPACIÓN NA EUROPOLYB

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

ADESTRANDO A UNIDADE MILITAR DE EMERXENCIAS (UME)

Logo da creación da Unidade Militar de Emerxencias, o primeiro contacto que tiveron os batallóns destinados en Galicia con persoal do SPDCIF foi coas unidades da Base do Campiño, circunstancia que tamén tivo relevancia mediática.

O persoal da UME necesitaba contactar con profesionais do servizo da Xunta de Galicia que lles explicasen cales eran os procedementos operativos, os sistemas de comunicación, os tipos de unidades participantes e en especial como había que actuar cos medios aéreos en caso de producirse lumes forestais.

Foi o equipo humano da Base do Campiño o que participou na formación da UME nesta materia. Para tal fin, na campaña do ano 2007, fixéronse varias sesións teóricas, manobras e simulacros conxuntos.



ADESTRANDO A UNIDADE MILITAR DE EMERXENCIAS (UME)

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

CONMEMORACIÓN ESPECIAL

Unha das persoas que formou parte do equipo humano da Base do Campiño, e un dos responsables no seu día deste centro, xubilouse en outono do ano 2008, despois de desempeñar ao longo de 35 anos a profesión de axente forestal.

Pola súa traxectoria profesional na loita contra os incendios forestais, no ano 2007 foille concedido o premio “Batefuegos de Oro” na súa modalidade de mención especial, á proposta do Distrito Forestal XIX e co apoio das demais autoridades da Consellería do Medio Rural. O 22 de novembro do dito ano celebrouse o acto de entrega dos premios na Escola de Montes de Madrid.

Inaugurada a Base formou parte do seu cadro de persoal e foi o mentor da implantación dun arboreto na parcela desta instalación, que consta na actualidade con máis de 400 especies de plantas ornamentais, arbóreas e arbustivas, tanto autóctonas coma alóctonas, que serven tamén de mostra aos milleiros de escolares que visitan a Base.

Algo que tamén promoveu e ao que lle dedicou moitos esforzos foi á sensibilización e á educación ambiental.

En marzo de 2008 celebrouse a súa xubilación. Un grupo de escolares quixo facerlle unha homenaxe na Base, e ese mesmo día fíxoselle un acto de despedida no Pazo da Cultura de Pontevedra. Foi un acto multitudinario ao que asistiron numerosas persoas integrantes das diferentes categorías da Administración forestal, así coma diversas autoridades da Consellería do Medio Rural e da Administración local.

Falamos de D. José Gea Martínez!



Base Campiño 1998-2022

Districto Forestal XIX SPIF Pontevedra

CONMEMORACIÓN ESPECIAL



CREACIÓN DO ARBORETO DA BASE


Gran parte da parcela onde está situado este centro está destinado a zona verde. Logo de remate das obras de infraestruturas, iniciouse a implantación de especies autóctonas e alóctonas de árbores, arbustos e plantas ornamentais.

Hoxe en día hai un arboreto de máis de 400 especies representativas de bosques do país e doutros territorios que dan un aspecto especial á Base e serve de mostra aos escolares que a visitan.

As persoas destinadas na Base, ademais dos labores de prevención e extinción de incendios, dedícanse á conservación do arboreto e demais zonas verdes da Base, así coma ás edificacións existentes.

*As árbores acadaron o ceo moito antes
de que o home chegase a este mundo.*

Anthony T. Hincks Maser



CREACIÓN DO ARBORETO DA BASE

Districto Forestal XIX SPIF Pontevedra

RECOÑECEMENTO AO TRABALLO DE INVESTIGACIÓN

D. José Gea, tras a súa xubilación, foi substituído no seu posto por D. Alfredo Couceiro López, que ata entón viña desempeñando a función principal de axente integrante da Brigada de Investigación de Incendios Forestais (BIIF) do Distrito Forestal XIX.

O labor realizado nos traballos de investigación das causas dos incendios por D. Alfredo sempre foi sobresaínte, e a BIIF da que formou parte acadou uns resultados na investigación que non teñen parangón no resto de Galicia e de seguro que tampouco no resto do Estado.

Por esta traxectoria, xuntamente con D. Carlos Magariños Fernández, o outro compañeiro do equipo BIIF do distrito, foron premiados co “Batefuegos de Oro”, na modalidade de mención especial, na edición do ano 2006. O acto de entrega tivo lugar o día 23 de novembro de 2006 no salón de actos do Canal de Isabel II en Madrid.

No ano 2007 estes mesmos funcionarios da BIIF XIX tamén foron condecorados coa Cruz da Orde do Mérito da Garda Civil, con Distintivo Branco. E fíxose coincidir o acto de imposición co día do Pilar na comandancia da Garda Civil en Pontevedra.



RECOÑECEMENTO AO TRABALLO DE INVESTIGACIÓN

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

CELEBRACIÓN DO 10º ANIVERSARIO DA BASE

O capital humano da Base do Campiño, acostumado á loita dura e constante contra os incendios, é coñecedor da importancia da unión das persoas que conforman os equipos.

A fortaleza deste grupo multidisciplinar recae na versatilidade e compromiso dos seus integrantes.

En épocas de perigo baixo e case como unha actividade máis, despois de certas batallas, paga a pena realizar xornadas de celebración e convivencia, moi importantes para afianzar vínculos nun ambiente distendido.

No remate de 2008 había moito que celebrar, por un lado un ano exitoso na loita contra o lume e por outro a coincidencia co décimo aniversario da inauguración das instalacións da Base.

Co gallo da celebración desta primeira década, en outubro de 2008 celebrouse un acto multitudinario no Pazo da Cultura de Pontevedra ao que asistiron persoas das diferentes categorías profesionais do SPDCIF, así coma diversas autoridades das administracións autonómica e local.

Nese acto repasáronse os fitos máis relevantes dos primeiros dez anos de andaina da Base e marcáronse as liñas de traballo futuro. A finais dese mesmo mes de marzo incrementouse o capital humano das brigadas helitransportadas da Base.



CELEBRACIÓN DO 10º ANIVERSARIO DA BASE

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

PARTICIPACIÓN NA EXTINCIÓN DA VAGA DE LUMES DE PORTUGAL

No ano 2017 Portugal sufriu unha das peores vagas de lumes da súa historia. En xuño dese ano un continxente de persoal do SPDCIF foi destinado ao Distrito Leiría na rexión centro para axudar nos labores de extinción no incendio que comezara en Pedrógão Grande.

Cinco membros da Base do Campiño formaron parte dese dispositivo, e o seu traballo foi altamente valorado polo mando do continxente, naquel entón o xefe territorial da Consellería do Medio Rural na Coruña, D. Manuel Rodríguez Vázquez.

A alta profesionalidade demostrada nas actuacións do referido continxente foi obxecto de recoñecemento polo propio presidente da Xunta de Galicia, cunha recepción ofrecida aos seus integrantes en Santiago de Compostela no Pazo de Raxoi o 27 de xuño de 2017.



PARTICIPACIÓN NA EXTINCIÓN DA VAGA DE LUMES DE PORTUGAL

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

MEDIOS DE COMUNICACIÓN. ESPECIAL CHANDEBRITO (CALLEJA)

Dende a súa inauguración, dada a importancia da base aérea e a súa posición estratéxica, O Campiño sempre foi unha Base cun elevado carácter mediático.

O Campiño, en múltiples ocasións, foi portada da prensa local e autonómica, e dende alí fixéronse entrevistas para diferentes programas de radio e televisión.

Tamén formou parte na realización de varios programas de televisión dos que podemos destacar:

- Escarabajo verde. TVE
- Informe Semanal. TVE
- Caixa Negra. TVG
- Informativos Telecinco
- Informativos A3
- Volando Voy (Jesús Calleja). Especial Chandebrito

Base
O Campiño
1998-2022



MEDIOS DE COMUNICACIÓN. ESPECIAL CHANDEBRITO (CALLEJA)

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra



SIMULACRO NA ILLA DE CORTEGADA

O capital humano da Base do Campiño posiblemente posúa un dos mellores currículos na loita contra os incendios, tanto pola experiencia acadada coma polo nivel académico dos seus integrantes. Dedicar unha parte importante do seu tempo á súa formación e preparación.

Esta Base é a máis próxima a calquera das illas do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e os seus recursos deben de estar preparados ante calquera incidente no parque nacional, non en van é a única Base que dispón de material e protocolos especiais para helitransportar ou enviar por terra e mar motobombas portátiles e mangueiras que permitan facer tendidos nestes lugares tan complicados e de especial interese natural.

Periodicamente hai que adestrar e testar o operativo mediante simulacros con outras entidades que poidan participar ante un suposto incendio no parque nacional.




SIMULACRO NA ILLA DE CORTEGADA

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

Base
O Campiño
1998-2022

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

SIMULACRO NA ILLA DE CORTEGADA



20º ANIVERSARIO DA BASE DO CAMPIÑO

Con vinte anos de loita contra os incendios forestais xa se pode presumir de ter unha historia propia. É motivo dunha gran celebración.

No ano 2018 a Base do Campiño celebrou o vinte aniversario da súa inauguración. Con tal motivo, realizáronse diversos actos nos que participaron:

- Persoas de diferentes categorías profesionais do SPDCIF.
- Diferentes medios de comunicación.
- Diversas autoridades, entre as que podemos citar o conselleiro do Medio Rural, o director xeral de Defensa do Monte, o xefe territorial da Consellería do Medio Rural e o xefe territorial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- Tripulacións de diferentes empresas operadoras que traballaron nesta Base.
- Multitude de persoas que no seu día formaron parte do SPDCIF nesta brigada helitransportada.
- Uns 120 escolares, en representación dos milleiros de estudantes dos diferentes ciclos de ensinanza infantil, primaria, secundaria, bacharelato, ciclos formativos de formación profesional, universidade e escolas taller, entre outros.

Foi a primeira vez que se celebrou un acto tan multitudinario nas propias instalacións da Base que se prolongou ata altas horas da madrugada con música en directo.

Base
O Campiño
1998-2022



20º ANIVERSARIO DO CAMPIÑO

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

Base O Campiño 1998-2022

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

20º ANIVERSARIO DO CAMPIÑO



PRESENTACIÓN DE DRONS PARA TRABALLOS AÉREOS NOS LUMES

A Base do Campiño tamén é un centro loxístico e de formación para o dispositivo do SPDCIF, así como un lugar de referencia onde se poden testar multitude de ferramentas, vehículos e equipamentos de diferentes tipos, entre os que podemos destacar:

- Emisoras de comunicación fixas e móbiles
- Equipamentos de protección individual (EPI)
- Ferramentas de extinción
- Vehículos pesados e lixeiros cos seus propios dispositivos
- Helicópteros

Co gallo da adquisición de drons para o servizo de incendios, celebrouse unha xornada demostrativa e formativa nas instalacións da Base, na que tamén participou o señor conselleiro do Medio Rural, D. José González Vázquez.



PRESENTACIÓN DE DRONS PARA TRABALLOS AÉREOS NOS LUMES

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

FINALISTAS NOS PREMIOS A PROXECTOS INNOVADORES PARA EMPREGADOS PÚBLICOS

Cun capital humano altamente cualificado e inqueda polo futuro, non é difícil buscar melloras, procurar novos camiños e superarse día a día, en fin... innovar.

Na primeira edición do premio para empregados/as públicos/as, dende a Base do Campiño presentouse unha candidatura á modalidade de proxectos innovadores (mellora da aptitude innovadora).

A candidatura presentouse cun proxecto sobre a concienciación e a educación ambiental destinado á poboación adulta, escolares e propietarios forestais. A súa posta en práctica comezaría no Distrito Forestal XIX, aínda que a proposta é válida para implantar en calquera outro distrito forestal.

Ademais de ser un proxecto moi completo, o máis innovador é o seu sistema de procesamento de datos para o establecemento de prioridades de actuación nos diferentes concellos ou parroquias. Está orientado á poboación escolar, poboación adulta, comunidades veciñais e comunidades de propietarios forestais.

O proxecto chegou á fase finalista, e o día 4 de outubro de 2019 os autores participaron no acto de entrega dos premios en Santiago de Compostela ante a presenza de diversas autoridades da Xunta de Galicia, entre as que se atopaba o señor conselleiro do Medio Rural, D. José González Vázquez, o xefe do Servizo do SPIF de Pontevedra, D. Manuel Francisco Gutiérrez, e o xefe do Distrito XIX, D. Pedro López Benítez.



FINALISTAS NOS PREMIOS A PROXECTOS INNOVADORES
PARA EMPREGADOS PÚBLICOS

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

PRESENTACIÓN DA OPERACIÓN "CENTINELA GALLEGO"

Con carácter anual, o Consello da Xunta aproba o proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura de convenio entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a época estival.

Con este convenio preténdese reforzar a vixilancia e a identificación dos potenciais axentes causantes de lumes forestais, ao tempo búscase que a propia presenza dos medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delituosas.

Nos dous últimos anos, a presentación da operación ante os medios de comunicación, realizouse na Base Aérea do Campiño coa participación das autoridades civís e militares.



PRESENTACIÓN DA OPERACIÓN "CENTINELA GALLEGO"

Distrito Forestal XIX SPIF Pontevedra

MANTENIMENTO DAS INFRAESTRUTURAS

Periodicamente, e en coordinación coa xefatura do SPIF e a xefatura do distrito, establécese un plan de actuacións en materia de mantemento, actualización ou ampliación das infraestruturas propias do servizo de incendios. Comezando este polos labores de conservación da estrutura e ornamento da Base.

As principais actuacións son as dedicadas á conservación, mantemento e ornato de toda a Base, e cando se requiren, tamén se fan actuacións de mantemento doutro tipo de infraestruturas no ámbito do distrito forestal ou da provincia.

Entre todas estas encomendas podemos destacar:

- Mantemento e conservación dos espazos verdes e das instalacións da Base.
- Posta a punto de vehículos e ferramentas.
- Revisión e preparación de pozos de carga de auga para vehículos motobomba e pick-ups.
- Deseño e acondicionamento de depósitos de carga de helicópteros.



MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS

Districto Forestal XIX - SPIF Pontevedra



ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

Ao pouco da súa inauguración, a Base do Campiño comezou a ser un centro de referencia en materia de educación ambiental. A súa visita é altamente demandada por escolares das diferentes etapas do ensino: infantil, primaria, ESO, bacharelato, centros de formación profesional, universidades, etc.

